

## **AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO**

**Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas  
na Natureza**

**Curso Académico: 2023-2024**

1. Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
2. [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - 2.1. [Dimensión 1. A xestión do título](#)
    - 2.1.1. [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - 2.1.2. [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - 2.1.3. [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - 2.2. [Dimensión 2. Recursos](#)
    - 2.2.1. [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - 2.2.2. [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - 2.3. [Dimensión 3. Resultados](#)
    - 2.3.1. [Criterio 6. Resultados de aprendizaxe](#)
    - 2.3.2. [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
3. [Modificacións do plan de estudos](#)
4. [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
5. Plan de Melloras
  - 5.1. Histórico do período de acreditación
  - 5.2. Finalizadas Curso 2023-2024
    - 5.2.1. Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
      - [DAEN-01](#)
      - [DAEN-02](#)
      - [DAEN-03](#)
    - 5.2.2. Criterio 2 - Información e transparencia
    - 5.2.3. Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
      - [DAEN-04](#)

- 5.2.4. Criterio 4 - Recursos humanos
- 5.2.5. Criterio 5 - Recursos materiais
- 5.2.6. Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
- 5.2.7. Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
- 5.2.8. Outros Criterios

**5.3. Abertas Curso 2024-2025**

- 5.3.1. Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
  - [DAEN-01](#)
  - [DAEN-04](#)
- 5.3.2. Criterio 2 - Información e transparencia
- 5.3.3. Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
  - [DAEN-05](#)
- 5.3.4. Criterio 4 - Recursos humanos
- 5.3.5. Criterio 5 - Recursos materiais
- 5.3.6. Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
- 5.3.7. Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
  - [DAEN-02](#)
  - [DAEN-03](#)
- 5.3.8. Outros Criterios

## Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

| 1. DATOS DO TÍTULO                                                    |                                                                         |
|-----------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------|
| Denominación do título                                                | Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza |
| Mencións/Especialidades                                               | --                                                                      |
| Universidade responsable administrativa                               | Universidade de Santiago de Compostela                                  |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | --                                                                      |
| Centro responsable                                                    | Facultade de Formación do Profesorado                                   |
| Centro/s onde se imparte                                              | Facultade de Formación do Profesorado                                   |
| Rama de coñecemento                                                   | Ciencias Sociais e Xurídicas                                            |
| Número de créditos                                                    | 60                                                                      |
| Profesión regulada                                                    | Non                                                                     |
| Modalidade de impartición                                             | Estudio presencial                                                      |
| Curso de implantación                                                 | 2010                                                                    |
| Data acreditación ex ante (verificación)                              | 20/07/2016                                                              |
| Data renovación acreditación                                          | 11/03/2021                                                              |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

### PRESENTACIÓN DO TÍTULO

Conforme se ven manifestando nos informes correspondentes a cursos anteriores, o Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza é un título oficial que reúne as temáticas de educación ao aire libre, educación ambiental, literatura e arte en relación coa natureza, deseño e organización de itinerarios e excursións, arquitectura rural e paisaxe, deporte e actividades escolares nas contornas rurais e bosques, exercitando aos estudantes no desenvolvemento de capacidades para a xestión, organización e dirección de grupos e institucións en relación coa educación no medio natural.

Os seus obxectivos principais manifestados na memoria do título son os seguintes:

- a) Capacitar a educadores y profesores en la alta dirección pedagógica de actividades relacionadas con el tiempo de ocio, el aire libre y el contacto con la naturaleza.
- b) Mostrar a estos educadores los valores educativos de las actividades en la naturaleza y generar actitudes educativas en el trabajo que desarrollan.
- c) Ejercitar al alumnado en la organización, diseño y desarrollo de actividades educativas básicas en la naturaleza y al aire libre.
- d) Desarrollar cualidades humanas para la dirección pedagógica de actividades de ocio y tiempo libre en entornos naturales.
- e) Aplicar el conjunto de estos aprendizajes en un proyecto posible y sostenible en un entorno real.

A educación ao aire libre e en contornas naturais está a cobrar unha relevancia crecente, non só no ámbito da educación non formal, senón tamén dentro do sistema educativo regrado. A pertinencia deste enfoque xustifícase plenamente nun contexto de expansión da aprendizaxe en espazos naturais, tendencia reforzada polas consecuencias da pandemia derivada da COVID-19. Diversos estudos (Beames et al., 2012; Malone & Waite, 2016) indican que a aprendizaxe en contacto coa natureza favorece o desenvolvemento integral do alumnado, mellorando tanto o rendemento académico como o benestar emocional. Como resultado, cada vez máis escolas incorporan espazos naturais como parte esencial das súas actividades formativas, consolidando un movemento educativo que, nas últimas décadas, reivindica a natureza como un espazo esencial da educación.

Investigadores de referencia, como Peter Higgins, profesor da Universidade de Edimburgo e asesor da UNESCO, e Anders Szczepanski, profesor da Universidade de Linköping (Suecia), teñen subliñado a importancia da educación en

contornas naturais como un medio para promover a aprendizaxe experiencial e o desenvolvemento de competencias socioemocionais (Higgins & Nicol, 2002; Szczepanski, 2013).

En España, as iniciativas federativas no ámbito da educación en contornas naturais aínda son escasas. Con todo, destaca a Asociación EDNA, un espazo de encontro e colaboración que agrupa as escolas do bosque e outras iniciativas innovadoras en educación na natureza. Esta rede facilita o intercambio de boas prácticas e a consolidación de proxectos educativos centrados no contacto directo coa contorna natural. Entre as súas achegas máis recoñecidas atópanse iniciativas galegas como Amadahi ou Nenea, que teñen contribuído ao desenvolvemento desta filosofía educativa no territorio. Actualmente, EDNA conta con 49 escolas adheridas, sendo unha referencia clave na promoción e consolidación da educación ao aire libre en España (EDNA, 2024) [<https://asociacionedna.wordpress.com/>]. En definitiva, a expansión da educación ao aire libre non é unha mera tendencia pedagóxica, senón unha resposta necesaria aos desafíos educativos actuais. A crecente evidencia científica sobre os beneficios deste enfoque reforza a necesidade de incorporar programas formativos específicos que capaciten aos docentes para desenvolver proxectos educativos en contornas naturais. O crecemento deste movemento a nivel internacional e a consolidación de titulacións académicas especializadas demostran que estamos ante unha transformación estrutural da educación contemporánea.

### PERFIL FORMATIVO E EGRESO. EVOLUCIÓN DA MATRÍCULA

A evolución da matrícula deste Máster mantense estable ao longo do tempo, como se reflicte na seguinte táboa (Ver Táboa 1).

**Táboa 1. Evolución de matrícula, TFM's defendidos e estudantes que completaron o MDAEN (cursos 2018-19 a - 2023-24)**

| Curso     | Estudantes de nova matrícula | Estudantes que defenderon o TFM | Estudantes que remataron |
|-----------|------------------------------|---------------------------------|--------------------------|
| 2018-2019 | 15                           | 11                              | 10                       |
| 2019-2020 | 25                           | 26                              | 26                       |
| 2020-2021 | 25                           | 29                              | 29                       |
| 2021-2022 | 24                           | 13                              | 12                       |
| 2022-2023 | 24                           | 30                              | 30                       |
| 2023-2024 | 24                           | 15                              | 21                       |
| TOTAL     | 288                          | 253                             | 254                      |

\* O Máster non se ofertou nese curso (Fonte: servizos administrativos FFP-Lugo).

Cómpre sinalar que a demanda do Máster no curso 2021-2022 aínda estivo condicionada polas restricións que impoñía a pandemia derivada da COVID-19. Aínda así, houbo unha preinscrición elevada, prematriculándose bastantes estudantes estranxeiros e sendo a preinscrición máis alta desde 2015.

Na táboa que segue preséntase a evolución das prazas ofertadas, as solicitudes recibidas e a matrícula. Como se pode observar, as solicitudes adoitan superar amplamente o número de prazas ofertadas (ver Táboa 2), o cal evidencia o interese que esperta esta titulación:

**Táboa 2. Prazas ofertadas, solicitudes e matrícula no MDAEN (cursos 2018-19 a 2023-24)**

| Curso     | Prazas ofertadas | Solicitudes recibidas | Matrícula |
|-----------|------------------|-----------------------|-----------|
| 2018-2019 | 25               | 30                    | 15        |
| 2019-2020 | 25               | 48                    | 25        |

|           |    |    |    |
|-----------|----|----|----|
| 2020-2021 | 25 | 59 | 25 |
| 2021-2022 | 25 | 62 | 24 |
| 2022-2023 | 25 | 70 | 24 |
| 2023-2024 | 25 | -- | 24 |

Fonte: AASX.

A porcentaxe de estudantes nacionais de nova matrícula de fóra de Galicia experimentou un incremento salientable dende o curso 2020-21, xa que no curso 2023-24 acada un 16.67% (ver Táboa 3).

**Táboa 3. Evolución da porcentaxe de alumnado de nova matrícula de fóra de Galicia (cursos 2018-19 a 2023-24)**

|           | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|-----------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Total (%) | 4,55    | 23,53   | 12,12   | 11, 54  | 5,41    | 16,67   |

Fonte: AASX.

Por outra banda, a análise dos datos correspondentes á porcentaxe de estudantes estranxeiros amosa que, aínda que nos últimos cursos a media de estudantado estranxeiro roldaba o 5%, foi incrementada significativamente a un 20,87% (ver Táboa 4), sendo semellante aos datos excepcionais do curso 2019-20 no que a porcentaxe tamén foi superior ao 20%.

**Táboa 4. Evolución da porcentaxe de alumnado estranxeiro (curso 2018-19 a 23-24)**

|           | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|-----------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Total (%) | 4,55    | 23,53   | 12,12   | 11, 54  | 8,33    | 20,87   |

Fonte: AASX.

Con referencia ao conxunto de estudantes matriculados en relación cos estudantes que seguen pendentes de rematar os seus estudos, os datos son semellantes aos de cursos anteriores (Ver Táboa 5). Pode observarse a reiteración dun remanente de estudantes de cursos anteriores que teñen pendente, fundamentalmente, o Traballo Fin de Máster.

**Táboa 5. Evolución da matrícula global e da matrícula de acceso (curso 2018-19 a 2023-24)**

|                     | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-2024 |
|---------------------|---------|---------|---------|---------|---------|-----------|
| Matrícula global    | 22      | 34      | 33      | 31      | 37      | 24        |
| Matrícula de acceso | 15      | 25      | 25      | 24      | 24      | 19        |

Fonte: AASX.

A nota media de entrada dos estudantes segue a estar por enriba dos sete puntos, e neste curso 2023-24 foi a puntuación media máis alta de entrada desde a primeira promoción do título (ver Táboa 6).

**Táboa 6. Evolución da puntuación media de acceso (curso 2018-19 a 2023-24)**

|       | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|-------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Total | 7,79    | 7,61    | 7,79    | 8,10    | 8,13    | 8,24    |

Fonte: AASX.

Finalmente, no curso 2023-24, o perfil do alumnado matriculado en función da súa titulación de procedencia é o seguinte (ver Táboa 7).

**Táboa 7. Perfil do alumnado en función da súa titulación de procedencia (curso 2023-24)**

| Procedencia dos estudantes curso 2023-2024                                               | Núm. | %     |
|------------------------------------------------------------------------------------------|------|-------|
| Estudantes estranxeiros                                                                  | 5    | 20,87 |
| Estudantes doutras comunidades autónomas (País Vasco, Cantabria e Alicante)              | 4    | 16,67 |
| Estudantes da USC                                                                        | 12   | 50    |
| Estudantes doutras universidades galegas (Universidade da Coruña e Universidade de Vigo) | 3    | 12,5  |

### ACTUALIZACIÓN DO TÍTULO

A nivel internacional, a educación ao aire libre conta con redes académicas e profesionais de grande prestixio. Unha das máis relevantes é *The European Institute for Outdoor Adventure Education and Experiential Learning* (EOE Network), que promove o intercambio de coñecemento e boas prácticas entre investigadores, docentes e profesionais do sector. O Máster ten participado activamente en conferencias organizadas en Laugar, Sælingsdal (Islandia, 2014), Plymouth (Reino Unido, 2016), Bohinj (Eslovenia, 2017) e Tralee (Irlanda, 2019), contribuíndo á actualización dos contidos da educación ao aire libre e á definición dos seus obxectivos educativos, así como á análise das necesidades socioeconómicas que implica este tipo de formación.

Asemade, a transferencia do coñecemento á comunidade educativa e aos profesionais do sector constitúe un aspecto esencial. Un exemplo disto foi a celebración do Primeiro Foro de Debate Lucense sobre Educación na Natureza, que tivo lugar en outubro e novembro de 2021. Este evento marcou un fito ao facilitar a difusión da experiencia e coñecemento xerados polo Máster máis alá do ámbito universitario, promovendo un diálogo activo con docentes, educadores ambientais e entidades especializadas na educación ao aire libre.

Numerosos países europeos, xunto con Estados Unidos e Australia, teñen desenvolvido programas de grao e posgrao especificamente deseñados para a formación en educación ao aire libre. Estas titulacións, aliñadas cos principios e obxectivos deste Máster, reflicten a crecente demanda de profesionais capacitados para integrar metodoloxías baseadas na aprendizaxe en contornas naturais dentro do ámbito educativo

### CONCLUSION FINAL DO CRITERIO

**O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado.** O Máster mantén o seu interese desde unha perspectiva académica e profesional xa que segue a ter unha gran demanda tanto de alumnado estranxeiro como nacional e local. Isto reflíctese na continuidade da taxa de matrícula global (ver Táboa 1). É unha titulación que amosa a extraordinaria cultura que se desenvolve ao aire libre tanto no eido da educación formal como non formal, con moi diferentes enfoques, que forman parte dunha educación que necesita do medio natural para ser completa (Gilberson et al., 2022). Os efectos da pandemia ademais amosaron que a educación ao aire libre é unha garantía de saúde e calidade ambiental que estendeu a metodoloxía *Free Flow* nas escolas (Hueso, 2022).

### 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### OFERTA DE MÓDULOS E MATERIAS

A estrutura do Máster é modular, existindo por cada módulo un coordinador ou unha coordinadora. Do mesmo xeito, existe un/unha docente que coordina o Traballo Fin de Máster e outro/a encargado da coordinación do Prácticum. A coordinación de módulo implica a pertenza á Comisión de Título. Os módulos realizan reunións de coordinación, e tamén son quen de atender en tutoría calquera dúbida ou orientación que necesiten os estudantes sobre as aprendizaxes e o desenvolvemento do traballo interdisciplinar. O desenvolvemento das actividades académicas se cumpre conforme o deseño anual que se fai no plano de estudos. O grupo único está fixado en 25 estudantes, que permite o seu manexo razoable para saídas a contornas naturais e visitas.

En relación coas guías docentes, examinouse se as distintas partes estaban cubertas e se respondían aos requirimentos da memoria do Título. Non se detectou ningunha disonancia salientable entre a metodoloxía, a avaliación e a cualificación dos estudantes. En todo caso, o nivel de consecución das competencias é razoablemente alto.

A metodoloxía empregada no Máster é esencialmente activa, e con base na aprendizaxe experiencial, cunha actividade docente que se desenvolve con frecuencia ao aire libre. Esta concepción da aprendizaxe experiencial, fundamentada nas teorías de Kolb (1981), constitúe un alicerce fundamental deste Máster, xa que pon en valor os múltiples beneficios educativos que proporciona a interacción directa coa natureza e o aprendizaxe ao aire libre. Mediante a aprendizaxe experiencial refórzanse o uso dos sentidos, as habilidades do pensamento crítico e a toma de decisións, a persoa mantén unha boa forma física, interactúa socialmente, crea e explora o sentido de si mesmo, e funda unha ética grazas á comprensión do sentido do lugar, converténdose nun administrador competente da contorna (Kimmes, 2017).

#### DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE ESTUDOS

A Comisión do Máster decidiu, despois do Informe de renovación da acreditación de 30 de xuño de 2016, que a metodoloxía dominante no título debería basearse no sistema de clases reversas (flipped classroom), unha forma de traballo que está xa bastante implantada no título e cuxa bondade pedagóxica foi confirmada no informe de renovación da acreditación.

Durante o curso 2023-24 a docencia seguiu a desenvolverse cunha grande actividade ao aire libre, conforme se estableceu nos informes de renovación do título, desenvolvendo a metade da súa actividade docente en contornas naturais ao aire libre como unha das principais características da súa identidade pedagóxica e formativa, e que no último Informe Final da ACSUG de Avaliación para a Renovación da Acreditación deste título de data 10 de febreiro de 2021, se sinala como un dos puntos fortes deste máster as “saídas de campo e o contacto coa natureza durante as rutas”. As saídas non son opcionais e complementarias, senón que forman parte da esencia mesma da metodoloxía do máster, baseada na aprendizaxe experiencial e o desenvolvemento de competencias e habilidades prácticas nos lugares e escenarios reais de traballo. Máis concretamente, as saídas realizadas foron as seguintes (ver Táboa 8).

**Táboa 8. Saídas do Máster DAEN (curso 2023-24)**

| Saídas do máster en Dirección de Actividades Educativas |                                                          |                                                                                                                                                                         |
|---------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Curso 2023-2024                                         |                                                          |                                                                                                                                                                         |
| Data                                                    | Lugares                                                  | Observacións                                                                                                                                                            |
| 1º Semestre                                             |                                                          |                                                                                                                                                                         |
|                                                         | Parque natural das Dunas de Corrubedo e castro de Baroña | Estudo dun espazo natural marítimo e as súas capacidades educativas e visita ao centro de interpretación. Estudo dos muiños de auga e restos arqueolóxicos prerromanos. |

## Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

|                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|--------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                    | Visita ao lago artificial de As Pontes, castelo de de San Felipe no Ferrol e Club Náutico de Ares                                                                                                                                                                                   | Sesións prácticas de aprendizaxe experiencial en relación coa organización de actividades educativas. Aprendizaxe e manexo de embarcacións náuticas de vela e remo.                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|                    | Camiño do Miño e Pena de Rodas cunha visita a Casa das Insuas en Rábade, onde os estudantes escoitaron unha conferencia de Martiño Cabana sobre a importancia das asociacións de custodia do territorio                                                                             | Uso dos cinco sentidos no coñecemento da paisaxe a través dunha ruta no río Miño e observacións arredor dos cambios que se observan na paisaxe en contornas próximas na Terra Chá, con seguinte recorrido: Lugo, Ponte Vilar, Rábade, Penas de Rodas, Lugo                                                                                                                                                                                                          |
|                    | A Pontenova e rasa cantábrica                                                                                                                                                                                                                                                       | É unha saída onde os estudantes investigan sobre os aspectos físicos e xeolóxicos das paisaxes, con visitas a minas abandonadas (A Pontenova) e a rasa cantábrica, así como as formas de vivenda, agricultura e industrias rurais.                                                                                                                                                                                                                                  |
|                    | Ruta do río Rato e mazo de Santa Comba                                                                                                                                                                                                                                              | Actividades relacionadas coa conservación de espazos periurbanos e arquitectura tradicional de Galicia                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|                    | Visita a Lagoa de Cospeito                                                                                                                                                                                                                                                          | Actividades relacionadas co coñecemento botánico e a ornitoloxía                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|                    | Visita a Cruzul e O Cebreiro e aciñeirais da zona                                                                                                                                                                                                                                   | Actividades relacionadas co coñecemento da arquitectura rural galegada montaña lucense e a botánica da comarca.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|                    | Cangas do Morrazo/Costa da Vela (Rías Baixas)                                                                                                                                                                                                                                       | Recoñecemento e estudo de ruínas industriais: a factoría Massó. Recoñecemento dunha zona de costa e os seus equipamentos de educación ao aire libre                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|                    | A Pontenova e rasa cantábrica                                                                                                                                                                                                                                                       | É unha saída onde os estudantes investigan sobre os aspectos físicos e xeolóxicos das paisaxes, con visitas a minas abandonadas (A Pontenova) e a rasa cantábrica, así como as formas de vivenda, agricultura e industrias rurais.                                                                                                                                                                                                                                  |
|                    | Guitiriz. Visita ao albergue Witericus e obradoiro de Mariana Roura sobre debuxo na natureza                                                                                                                                                                                        | Actividades relacionadas co debuxo da natureza. Desenvolvemento do obradoiro de debuxo da natureza                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|                    | Costa norte de la Ría de Arousa. Partiuse de Pobra do Caramiñal para pasar por Palmeira e chegar ata Santa Uxía de Ribeira, e logo subir ao Parque de San Roque e o castro da Cidade e contemplar a súa excavación recente. Terminaron realizando unha visita ao Dolmen de Axeitos. | O obxectivo básico da actividade era o recoñecemento de equipamentos e instalacións ao aire libre, tanto de deportes náuticos como de senderismo e parques de aventuras. Tamén era importante o recoñecemento dos lugares, o seu uso e abandono desde a prehistoria até as fábricas de salgadura, así como os cambios que a actividade humana vai realizando no territorio e como o urbanismo vai selando os terreos e reducindo as praias e as marismas costeiras. |
| <b>2º Semestre</b> |                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|                    | Ruta pola periferia urbana do Río Miño                                                                                                                                                                                                                                              | Sesión práctica da materia Recursos para actividades motrices con persoas con diversidade funcional.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|                    | Sotavento (Xermade, Lugo)                                                                                                                                                                                                                                                           | Visita al parque eólico de Sotavento.<br>Formación dos estudantes no ámbito das tecnoloxías de produción limpa de enerxía dun xeito sostible e con                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |

## Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

|  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|--|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | harmonía coa contorna                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|  | Expedición á Fonsagrada.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Actividades integradas para o desenvolvemento de competencias en dirección de grupos e resolución de conflitos. Visita ao Museo Etnográfico e ruta de Liñares de Bidul e o castro do Castañoso. Actividades de coñecemento histórico da comarca en Pobra do Burón                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|  | Ruta pola Serra do Xistral                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | Actividades relacionadas coa conservación do medio natural desde a perspectiva da Educación Ambiental                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|  | Ruta polo Río Mandeo. Visita á Aula de Chelo e Alvarella. Visita ao Parque do Pasatempo e Museo das Mariñas en Betanzos                                                                                                                                                                                                                                  | Esta visita atende ás necesidades de formación prácticas en competencias para a realización de actividades con persoas con diversidade funcional, estudo da flora e fauna dun contexto de espazo protexido e coñecemento de instalacións de interpretación das contornas e protección de parques urbanos.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|  | Os estudantes percorreron desde o Alto do Acebo no límite con Asturias ata Melide durante cinco días (aproximadamente 110,4 quilómetros a pe). Durmindo en albergues.                                                                                                                                                                                    | Desenvolvemento de prácticas de excursionismo e actividades motrices ao aire libre. Desenvolvemento de competencias para o deseño e a organización de actividades excursionistas en espazos naturais.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|  | Ruta da Auga en Modoñedo                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Desenvolvemento en habilidades de dirección de grupos e resolución de conflitos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|  | Picos de Europa.<br>Se instala o campamento en San Pelayo (Camaleño). Os estudantes subiron aos altas de Áliva desde o funicular facendo unha ruta ata Cabana Verónica e regresando por Espinama. Tamén visitaron percorreron a senda do Cares e outros lugares próximos a San Pelayo. En Potes visitaron o centro de Interpretación de Picos de Europa. | Integración de aprendizaxes prácticas nun espazo singular e protexido durante cinco días.<br>Conxunto de actividades en relación coa formación xeral do máster, en accións derivadas á competencias globais que atinxen ás habilidades necesarias para moverse en espazos naturais protexidos, e tamén á formación práctica para o TFM, mediante a investigación etnográfica. Os estudantes realizarán prácticas ao aire libre, tanto en relación coas destrezas motrices, de xestión económica, de estudo das paisaxes, da práctica do montañismo e escalada, como da comprensión de fenómenos naturais, formacións xeolóxicas, ou cultura rural, non so na comarca de Picos de Europa, senón tamén ao longo do traxecto da viaxe de ida e volta. A actividade ten especial relevo xa que unha parte das actividades se fan cun grupo de estudantes e profesores da Universidade de Cumbria (Reino Unido), sendo deste xeito un encontro internacional de estudantes de dúas titulacións semellantes de dous países distintos |

### PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Os estudantes non participan en programas de mobilidade por ser un Máster de 60 créditos cunha duración dun curso académico, o cal impide a participación nestes programas.

### CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO

A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.

O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### COORDINACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL

A axeitada coordinación entre o profesorado fai que non existan problemas de duplicidade nos contidos impartidos. Nas Guías das materias tampouco se observan duplicidades, e non se rexistran queixas por estes motivos. A estrutura modular (ver Táboa 9) e as reunións do profesorado evitan as duplicidades e favorecen a coordinación.

**Táboa 9: Módulos de materias e coordinacións no curso 23-24**

| Curso 2022-2023. Módulos e coordinacións                                                                            | Créditos ECTS |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| <b>Módulo 1</b><br>Valores educativos da natureza e da paisaxe<br>Coordinadora: Dra. Dña. Beatriz Fernández Herrero |               |
| Materia 1.1. A natureza como medio educador.                                                                        | 3             |
| Materia 1.2. Ética e natureza.                                                                                      | 3             |
| Materia 1.3. Historia ambiental.                                                                                    | 3             |
| <b>Módulo 2.</b><br>Natureza e arte.<br>Coordinadora: Dr. D. Vicente Blanco Mosquera                                |               |
| Materia 2.1. Música e natureza.                                                                                     | 3             |
| Materia 2.2. As artes plásticas e a natureza.                                                                       | 3             |
| Materia 2.3. Literatura e Natureza                                                                                  | 3             |
| <b>Módulo 3.</b><br>Os elementos do medio natural<br>Coordinador: Dr. D. Manuel Antonio Rodríguez Guitián           |               |
| Materia 3.1. Ecosistema e biodiversidade.                                                                           | 3             |
| Materia 3.2. Coñecemento xeográfico do medio natural.                                                               | 3             |

## Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

|                                                                                                                                                                                                                                                                  |   |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|
| Materia 3.3. Natureza, paisaxe e arquitectura rural.                                                                                                                                                                                                             | 3 |
| <b>Módulo 4.</b><br>Dirección de grupos e xestión de recursos<br>Coordinador: Dr. D. Jacobo Feás Vázquez                                                                                                                                                         |   |
| Materia 4.1 Dirección de grupos e resolución de conflitos.                                                                                                                                                                                                       | 3 |
| Materia 4.2. Equipamentos e organización de actividades.                                                                                                                                                                                                         | 3 |
| Materia 4.3. Lexislación e xestión económica.                                                                                                                                                                                                                    | 3 |
| <b>Módulo 5.</b><br>Actividades educativas na natureza<br>Coordinador: Dr. D. Joaquín Lago Ballesteros                                                                                                                                                           |   |
| Materia 5.1. Bases e recursos para o desenvolvemento da Educación Ambiental.                                                                                                                                                                                     | 3 |
| Materia 5.2. Deseño e organización de actividades motrices ao aire libre.                                                                                                                                                                                        | 3 |
| Materia 5.3. O excursionismo e a vida ao aire libre: fundamentos e modelos.                                                                                                                                                                                      | 3 |
| 5.4.1. Recursos para actividades motrices para persoas con diversidade funcional.<br>5.4.2.- Recursos para actividades de Ciencias da Vida e a Terra con escolares. (Optativas, a elixir unha delas).<br>5.4.3. Aprendizaxe experiencial en contornas singulares | 3 |
| <b>Módulo 6.</b><br>Prácticum e Traballo Fin de Máster                                                                                                                                                                                                           |   |
| Materia 6.1. Prácticum.<br>Coordinador Prácticum: Dra. Laura García Docampo                                                                                                                                                                                      | 6 |
| Materia 6.2. Traballo Fin de Máster.<br>Coordinador TFM: D. Miguel Cons Ferreiro                                                                                                                                                                                 | 6 |

Todas as materias teñen unha duración de 3 créditos (excepto Prácticum e TFM). Os módulos 1,2,3 e 4 teñen unha carga de 9 créditos, mentres que o módulo 5 consta de 12 créditos. Nos módulos 1, 3, e 4 os estudantes elaboraron un traballo en equipo que desenvolve as competencias das materias que o compoñen. O traballo de módulo é deseñado polo seu profesorado, e acordouse que tivera un valor da cualificación do 60%, sendo o resto da cualificación da responsabilidade de cada materia. Nos módulos 2 e 5 se fan actividades tendentes á promoción de habilidades de traballo en equipo. No módulo 5 dúas materias levan conxuntamente a avaliación das actividades. A coordinación modular e o traballo interdisciplinar permiten unha mellor aprendizaxe e interrelación entre os coñecementos, habilidades e desenvolvemento de capacidades dos estudantes. Así, no primeiro módulo, o traballo establece relacións entre aspectos históricos, éticos e pedagóxicos en relación cun espazo ou cun feito ou actividade que teña unha dimensión educativa no eido natural. Mentres no módulo 3, o traballo se centra nun espazo natural protexido. No módulo 4, a idea é que os estudantes sexan capaces de desenvolver un proxecto empresarial ou asociativo.

### PRÁCTICAS EXTERNAS

En relación cos mecanismos de coordinación das prácticas externas, dispónse de convenios con institucións colaboradoras escollidas especificamente por prestar servizos aos ámbitos característicos da titulación (actualmente existen máis de 50 convenios activos). Estes convenios renóvanse por vontade expresa das partes cunha periodicidade de catro anos. Ao comezo do curso académico o alumnado recibe un listado dos centros de prácticas dispoñibles xunto con información relativa aos correspondentes proxectos de prácticas levados a cabo neles en cursos pasados (esta información actualízase cada ano). Emprázase ao alumnado a que transmita as súas preferencias como destino de prácticas e, unha vez recibida esta información, contáctase cos centros de que se trate para confirmar que a súa axenda de actividade asegura a viabilidade de recibir ao alumnado, aproveitando este contacto para remitir a guía docente do Prácticum, de xeito que nos centros de prácticas se teña constancia das finalidades da materia e das competencias que o alumnado debe acadar. Tras recibir confirmación, facilítase unha primeira reunión no centro de prácticas entre os/as

respectivos/as alumnos/as e titores/as, para acordar un plan de prácticas que satisfaga tanto as necesidades do centro colaborador como as expectativas do alumnado e, mediante a supervisión por parte da Coordinación de Prácticum, asegúrase tamén que o plan posibilita a consecución das competencias procuradas. Este plan de prácticas é asinado polas tres partes implicadas (alumno/a, titor/a no centro colaborador e supervisor/a dende a Facultade). O plan é unha parte do anexo ao convenio firmado coa entidade. Ademais, os estudantes deben obter un certificado de non estar incurso en denuncias ou afectados por condenas relacionadas con delitos con menores para poder iniciar o seu período de prácticas.

Durante a estadia nos centros o/a supervisor/a dende a Facultade realiza o seguimento do plan de prácticas contactando cos centros e visitándoos se é preciso, e facilita tamén o documento de avaliación da estadia do estudante no centro. Ademais atende ao alumnado de xeito presencial ou a distancia naqueles asuntos que o requiran. Ao remate das prácticas o/a supervisor/a de prácticas recibe a memoria de prácticas que o alumnado debe entregar, centrada na consecución das competencias previstas.

Con respecto ao períodos de prácticas, non se produciu ningún incidente, e estas se desenvolveron con absoluta normalidade, remitíndose á Vicerreitoría de Calidade a relación de todos os centros e o nome das persoas que exerceron a titoría onde se desenvolveron ás prácticas externas curriculares. Compre tamén sinalar que todos os estudantes teñen institucións suficientes para realizar as súas prácticas. No curso 2023-2024, os centros de prácticas foron os seguintes (ver Táboa 10).

**Táboa 10: Centros de prácticas (Curso 2023-24)**

| Nome da entidade                                       |
|--------------------------------------------------------|
| Meniñeiros Escuela Waldorf (Lugo)                      |
| Associació SesMilanes (Mallorca)                       |
| Asociación NENEA (Lugo)                                |
| Semente (Lugo)                                         |
| Avifauna (Lugo)                                        |
| Das Aradas Sociedade Cooperativa Galega (Guitiiz-Lugo) |
| Adega (Lugo)                                           |
| COGAMI (Lugo)                                          |
| Asociación Galega de Custodia do Territorio (Lugo)     |
| Club Náutico Vía de Ares (A Coruña)                    |

A satisfacción global do alumnado coas prácticas externas foi moi positiva 4 puntos sobre 5, destacando aspectos como que a información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.) cunha media de 4,75 puntos sobre 5. Ademais todos os aspectos avaliados foron puntuados positivamente cunha puntuación de entre 3,5 ata 4,75 sobre 5. De tal xeito, o alumnado considerou positiva a duración das prácticas, as instalacións e materiais do centro de prácticas, as actividades desenvolvidas, a atención prestada polo supervisor/a, etc.

A satisfacción dos titores e das titoras académicas coas prácticas externas acadou a máxima puntuación posible 5 puntos sobre 5. Así pois, os titores e titoras consideran as prácticas como un bo contacto co mundo laboral, mantiveron unha boa comunicación co centro de prácticas, consideran que a coordinación e planificación das mesmas foi positiva e atendeu ás necesidades do alumnado e dos centros, están totalmente satisfeitos coas prácticas e tamén coa organización e desenvolvemento xeral do programa de prácticas. Por último, resulta salientable que os datos do curso 2023/2024 amosan un incremento da satisfacción dos titores e titoras en comparación con anos previos.

### CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO

**A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades. Os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas ás prácticas**

externas

### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### COHERENCIA PERFIL INGRESO – PERFIL REAL DO ESTUDANTADO

O caudal máis importante de titulados corresponde ao ámbito da educación, especialmente mestres/as de Infantil e Primaria. No curso 2023-2024, as titulacións de procedencia foron Grao en Educación Infantil, Grao en Educación Primaria así como Grao en pedagogía, Grao en Educación Social e outros estudos realizados no estranxeiro (ver Táboa 11).

**Táboa 11: Estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (Curso 2023-24)**

| Titulación de procedencia                                                        | Num. estudantes |
|----------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| Grao en Educación Infantil pola Universidade da Coruña                           | 1               |
| Grao en Educación Primaria pola Universidade de Cantabria                        | 1               |
| Grao en Educación Primaria pola Universidade del País Vasco                      | 1               |
| Grao en Educación Social pola Universidade de Santiago de Compostela             | 1               |
| Grao en Mestre Educación Primaria pola Universidade de Alicante                  | 1               |
| Grao en Mestre en Educación Infantil pola Universidade de Santiago de Compostela | 5               |
| Grao en Mestre en Educación Primaria pola Universidade de Santiago de Compostela | 1               |
| Grao en Pedagogía pola Universidade de Santiago de Compostela                    | 1               |
| Estudos Realizados no Estranxeiro                                                | 7               |
| Total 2023/2024                                                                  | 19              |

Fonte: I2.

O título non está pechado a outras titulacións, porque existen persoas que teñen ampla experiencia e formación na educación ao aire libre que contan con outras titulacións e están interesadas neste ámbito de formación. Na memoria de verificación non se excluíu ningún título porque a educación non formal e a natureza como espazo educador adoita ter interese para moitos estudantes que fan actividade de voluntariado ambiental, ou posúen os títulos de monitor ou director de tempo libre e teñen experiencia non profesional na natureza como participantes en asociacións de mocidade, actividades de educación ambiental en organizacións non gobernamentais, voluntariado, ou que son responsables de equipamentos na natureza que posúen relación co Máster. Aínda que o caudal principal son titulados en educación, unha análise comparativa con cohortes de anos anteriores revela que a titulación resulta tamén atractiva para biólogos, economistas, filólogos, xeógrafos, graduados en Belas Artes, Actividade Física e Deporte ou Turismo.

#### CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO

Existe coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### APLICACIÓN DAS NORMATIVAS

A USC conta cunha ampla normativa (<https://www.usc.gal/gl/institucional/gobierno/area/normativa/alumnado>) relacionada cos estudantes e a calidade da docencia, cuxa aplicación contribúe a un adecuado desenvolvemento do título. Sinalaremos, a este respecto, a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES; a normativa de permanencia; a normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións; o regulamento de prácticas académicas externas; a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES; o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster; o regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFM; a instrución sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias e o regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado.

A aplicación destas normativas estase a desenvolver sen problemas e cos resultados previstos. Así, por exemplo, estanse a cumprir os aspectos fundamentais sobre os tipos de matrícula, o réxime de permanencia e o de convocatorias, así como a regulación do progreso académico.

Polo que respecta aos resultados acadados polos estudantes, estes avalan o desenvolvemento satisfactorio das normativas anteriormente mencionadas. A taxa de éxito acadou no curso 23-24 o 99,17%, consolidándose a tendencia de ter unha taxa de éxito superior ao 99%. Tamén é importante ter en conta a taxa de eficiencia (rendemento dos egresados), que amosa a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou, e que se mantén de media en niveis superiores ao 95% desde o curso 2019-2020, sendo do 97,39% no curso 2023-24 (Fonte: AASX) e superior á do curso anterior (96,14%). A duración media dos estudos, que tamén amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica, acada 1,27 anos no curso 23-24, volvendo a cifras previas á pandemia e sendo máis positiva que á media da USC (1,50) e que a media da área (1,45).

En liñas xerais, na FFP-Lugo no curso 2023-2024 tamén se desenvolveron segundo o establecido tanto o Regulamento das Prácticas Académicas Externas como o Regulamento do Traballo Fin de Máster da titulación. Como xa se comentou nun apartado anterior, as prácticas externas realizáronse con normalidade e de xeito satisfactorio, ao igual que as defensas dos Traballos de Fin de Máster.

#### CONCLUSION FINAL DO CRITERIO

**A aplicación das distintas normativas desenvólvese sen problemas e cos resultados previstos, e contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA FORMATIVO, DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS. CALIDADE DA INFORMACIÓN. ACCESO Á INFORMACIÓN.**

A información sobre o título é visible na páxina web da Facultade de Formación do Profesorado

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-formacion-profesorado>

Existe tamén unha páxina en Facebook con información que é administrada polos estudantes:

<https://www.facebook.com/master.daen/>

Esta páxina web proporciona información sobre actividades realizadas durante o curso (ver Figuras 1, 2 e 3); asemade, nos meses de xuño e xullo fai publicidade do Máster e dos prazos de preinscrición. No curso 2023-2024 non houbo ningunha campaña especial de publicidade agás a presenza continua dun video no propio hall da Facultade de Formación do Profesorado. A publicidade fíxose enviando carteis a outros centros de Galicia e mediante anuncios que apareceron na páxina de Facebook. Durante o curso, tanto o Xornal da USC como a prensa galega publicaron algunhas novas sobre as actividades do Máster. Con estes medios garántese unha difusión ampla do título. As actividades son documentadas fotograficamente e serven para confeccionar informacións que se transmiten por redes sociais. Con estes medios garántese unha difusión ampla do título. O acto de inauguración e as conferencias foron anunciadas con carteis distribuídos pola Facultade e en redes sociais. A información parece suficiente para os estudantes que queren cursar a titulación e os grupos de interese.

Figura 1. Páxina do Máster DAEN en Facebook



Figura 2. Vídeos de actividades desenvolvidas no Máster DAEN (Fonte: páxina de Facebook).




Figura 3. Fotografías de actividades desenvolvidas no Máster DAEN (Fonte: páxina de Facebook)



### CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO

Publicase información suficiente, obxectiva, actualizada, coherente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados, e garántese un acceso doado á información

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**SGC. PROCEDEMENTOS DE RECOLLIDA E ANÁLISE DE INFORMACIÓN.**

O grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio, xa que o centro onde se imparte o título está a desenvolver os procedementos necesarios para garantir a súa calidade, entre eles o funcionamento da Comisión de Calidade e o Manual de Sistema de Garantía de Calidade. Na páxina web da Facultade ofrécese un acceso directo ao apartado de Calidade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-formacion-profesorado/calidade>) onde aparece reflectida toda a información relativa á mesma: manuais do SGC, informes de seguimento, memorias de calidade e informes de renovación da acreditación dos títulos, actas de reunións etc.

A Comisión Consultiva de Seguimento externo permite ao Máster acadar información de como é percibida a titulación polo mundo profesional e darlle claves e indicacións que permiten optimizar procesos e contidos. Está composta por catro profesionais, dous estudantes egresados, un representante do profesorado e a persoa coordinadora do Máster. Esta comisión é informada sobre o desenvolvemento e actividades do Máster, e é consultada sobre decisións que atinxen a pertinencia da formación e os cambios que puideran introducirse.

No SGC distínguense dúas comisións, que asumen diferentes funcións dentro do sistema. Por unha banda, a Comisión do Título, que se encarga de analizar a información proporcionada pola persoa que desempeña a coordinación do Título e polo ou pola Responsable de Calidade do Centro, coa finalidade de levar a cabo o seguimento do título e realizar un informe sobre os resultados do mesmo, xunto coas propostas de mellora (informe anual de seguimento) e, cando sexa necesario, formular unha proposta de modificación do título. Por outra banda, contamos coa Comisión de Calidade do Centro, que é a encargada de realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC do centro; elaborar a Memoria de calidade do centro; propoñer o Plan de Melloras do centro para o curso seguinte (o cal recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus respectivos informes de seguimento), e elaborar o informe de seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.

No curso 2023-24, a Comisión do Título reuniuse nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os temas que se relacionan a continuación:

- 18 de xullo de 2023: aprobación das actas previas, informe do coordinador sobre a súa condición de xubilado

e a necesidade de que algún profesor ou profesora puidera asumir esta tarefa, análise dos procedementos de aprobación de proxectos de TFM, se fala sobre a organización do comezo do curso 2023-2024 e se validan os tribunais de máster.

- 20 de outubro de 2023: aprobación da nova composición do Máster co cambio do representante do alumnado.
- 21 de novembro de 2023: elección do secretario ou da secretaria da Comisión Académica, aprobación da declaración de intencións para modificar a memoria do título de maneira non substancial para modificar o campo de coñecemento ao que se adscribe o título a Ciencias da Educación.
- 30 de novembro de 2023: autorización da anulación dunha matrícula por motivos de saúde.
- 17 de xaneiro de 2024: aprobación das actas das sesións anteriores, aprobación da asignación de tutorizacións do Traballo Fin de Máster, aprobación do calendario, aprobación das propostas de Traballo Fin de Máster, aprobación da solicitude de recoñecemento do Prácticum por experiencia laboral e aprobación do límite de prazas para o curso seguinte.
- 25 de xaneiro de 2024: aprobación da nova composición da Comisión do Título do Máster, incorporándose unha nova coordinadora de Prácticum.
- 2 de febreiro de 2024: aprobación da proposta de PDA para o curso 2024-25.
- 1 de abril de 2024: aprobación do horario, calendario de exames, calendario do Prácticum e calendario dos Traballos Fin de Máster.
- 23 de abril de 2024: aprobación das actas das sesións anteriores, informe da coordinación de título, informe da coordinación de prácticas e da coordinación de Traballo Fin de Máster; aprobación duns criterios para a revisión dos programas, aprobación da rúbrica para a revisión das propostas de Traballo Fin de Máster, aprobación da enquisa para a avaliación do Prácticum e aprobación das propostas de Traballo Fin de Máster.
- 29 de abril de 2024: aprobación dunha proposta de TFM.
- 23 de maio de 2024: aprobación das actas das sesións anteriores, aprobación do autoinforme de seguimento do Máster do curso 2022-23, aprobación das propostas de Traballo Fin de Máster, aprobación dos programas para o curso 2024-25.
- 30 de maio de 2024: aprobación dos programas do Máster para o curso 2024-25.

Pola súa banda, no curso 2023-2024, a Comisión de Calidade da FFP reuniuse nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os temas que se relacionan a continuación:

- 22 de novembro de 2023: aprobación das actas de sesións anteriores, informe da declaración de intención para a modificación non substancial das memorias do títulos para ser adscritos a Ciencias da Educación.
- 22 de xaneiro de 2024: aprobación das actas das sesións anteriores, aprobación da nova composición das Comisión da Facultade, aprobación da creación da Comisión de Convivencia, aprobación da concesión de Bolsas SICUE, aprobación da elaboración dun documento guía de funcións de delegados de curso, revisión e análise dos plans de melloras dos dous últimos cursos, revisión e análise da versión preliminar do Plan Estratéxico de Centro 2024-26 e revisión e análise da versión preliminar da Guía para profesorado de nova incorporación.

- 2 de febreiro de 2024: aprobación da nova composición da Comisión Permanente, Comisión de Xénero e Comisión de Docencia e Validacións.
- 20 de febreiro de 2024: aprobación do Plan Estratéxico da Facultade de Formación do Profesorado 2024-26.
- 8 de marzo de 2024: aprobación do Anexo V para a modificación non substancial das memorias dos títulos para a súa adscrición no ámbito de coñecemento de Ciencias da Educación.
- 29 de abril de 2024: aprobación das actas das sesións anteriores, análise e reflexión sobre os informes de seguimento dos títulos dos graos e análise e reflexión sobre as queixas e reclamacións do alumnado.
- 7 de maio de 2024: aprobación do autoinforme de seguimento do Máster de Universitario en Profesorado.
- 23 de maio de 2024: aprobación das actas das sesións anteriores, aprobación do informe de seguimento do Máster DAEN (curso 2022-23) e análise, reflexión e aprobación da Memoria de Calidade da Facultade do curso 2022-23.

### SGC: SISTEMA DE AVALIACIÓN E MELLORA DA CALIDADE DO ENSINO E O PROFESORADO

En canto aos procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza, a obtención de datos e o seu tratamento para avaliar e mellorar a calidade do título e da súa ensinanza lévase a cabo de acordo ao establecido mediante informes e cuestionarios. Con esta información trátase de dar resposta aos indicadores xerais: plan docente anual, captación de estudantes, xestión da mobilidade e prácticas externas, avaliación de aprendizaxe, información pública, xestión dos recursos humanos, materiais e servizos, así como seguimento/acreditación do título, e satisfacción dos grupos de interese: egresados, profesores, estudantes, titores/as externos/as do Prácticum (mestres/as en activo), incluíndo ao persoal de apoio.

Os indicadores de AASX dispoñibles (sobre os que se reflexiona nos apartados correspondentes deste informe dependendo da súa natureza) evidencian un axeitado desenvolvemento do sistema de garantía de calidade e a súa contribución ao seguimento e mellora continua da titulación. Así, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida acadou no curso 23-24 4,74 puntos sobre 5, sendo a puntuación máis elevada dende 2012, cunha participación que chega ao 59.09% do estudantado, experimentando un importante incremento dende o curso 21-22 (20%) e sendo tamén a máis elevada dende 2012. Pola súa banda, con respecto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, esta acadou tamén valores positivos no curso 23-24, chegando aos 4,41 puntos sobre 5. A satisfacción do alumnado coas prácticas externas sitúase no 4 sobre 5 puntos no curso 23-24. Como xa se comentou anteriormente, os titores académicos tamén valoran moi positivamente o desenvolvemento das prácticas externas (5 sobre 5 puntos).

### SGC: PROCEDEMENTO DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS

Finalmente, polo que se refire ás suxestións e reclamacións presentadas perante o Decanato, cómpre indicar que os centros reciben un moi escaso número de queixas e reclamacións formais, e que estas se adoitan solucionar satisfactoriamente. No curso 23-24 non se recibiu ningunha reclamación relacionada co Máster.

### CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO

**Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido**

**Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido**

**O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido**

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### **ACCÍONS DE ANÁLISE E REVISIÓN DO TÍTULO**

No centro elabórase anualmente unha Memoria de Calidade, que recolle información relativa ao SGC, ao seguimento do título e ao plan de melloras do centro, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

A Política de Calidade da FFP, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, faise pública na súa páxina web para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral.

Por outra banda, na FFP-Lugo no curso 2016-17 foi informado favorablemente o Plan Estratéxico da Facultade 2016-20 (o 27 de abril de 2017) así como a Programación Plurianual para o mesmo período, aprobada pola Xunta de Facultade o 14 de marzo do 2017. No Plan Estratéxico defínense a misión, visión e valores da Facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade. As condicións derivadas da pandemia motivaron que no curso 2019-20 se procedese a prorrogar o Plan ata o 2022 (Plan estratéxico 2016-22). A versión preliminar do Plan Estratéxico de Centro (PEC) da FFP-Lugo para o período 2024-2026, elaborado pola Comisión de Calidade do Centro, someteuse a exposición pública e, posteriormente, someteuse a aprobación o documento definitivo na Sesión Extraordinaria da Comisión de Calidade (20 de febreiro de 2024). No momento de elaborar este Autoinforme, o documento superou, polo tanto, a fase de exposición pública, foi remitido á Área de Calidade, e está pendente da emisión do correspondente informe favorable por parte da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.

A aplicación do SGC e o traballo da Comisión de Calidade do centro posibilita o proceso de seguimento, modificación e acreditación do título así como a mellora continua desde a súa implantación, ao ter establecidos os procedementos de recompilación e análise da información relevante, tanto cuantitativa (resultados académicos, das enquisas de satisfacción, inserción laboral, mobilidade, etc.) como cualitativa (reunións mantidas co profesorado, coordinadores de curso e coordinadores de grao, alumnado, profesorado titores de prácticas externas, coordinador de TFG, etc.).

As reflexións que conteñen os informes de seguimento e as memorias de calidade son as fontes que permiten propoñer melloras no título. Nalgún caso estas melloras supuxeron modificacións na memoria verificada do título, o que deu lugar ao desenvolvemento da 2ª edición a partir do curso 2015-16 (BOE do 19/12/2016 e DOG do 09/01/2017). Noutros casos trátase de modificacións de menor entidade, das que se deixa constancia nos informes de seguimento para incorporalas á memoria cando se autorice unha modificación substancial; así se procedeu para a incorporación da materia optativa "P3281205 Aprendizaxe experiencial en contornas singulares", que, entre outras accións, facilita a internacionalización da titulación.

#### **SEGUIMENTO DAS ACCÍONS DE MELLORA: PLANS DE MELLORA**

O seguimento das melloras incluídas nos plans de mellora que acompañan a documentación do SGC confirman a súa razoable eficacia e o compromiso do centro co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos formulados na memoria de verificación do título, consonte as recomendacións contidas nos informes

finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento e de renovación da acreditación do título. Das melloras sinaladas no informe para a continuidade da acreditación, é necesario abordar aínda a relación que necesita establecer o Máster co servizo de orientación laboral da USC. Polo momento, avanza na formación e orientación do alumnado do Máster mediante a integración das iniciativas de formación e orientación no Plan FORTE-FFP.

Cabe sinalar que aínda que o Máster non creou por si mesmo un grupo de innovación, participa no programa “Plantando cara ao lume” que se presenta ás convocatorias de proxectos de innovación da USC. (Hoxe desenvolvido como un proxecto que se amplía máis alá da comunidade autónoma de Galicia, “Plantando cara al fuego”: <https://www.plantandocaraalfuego.org/>). Destacar tamén que no curso 2020-2021 arrincou este programa como un proxecto europeo, denominado FacingFire: <https://facingfire.eu/>

Sobre estes programas as referencias na web son abundantes, porén o máis interesante é que actualmente é un proxecto da Fecyt de carácter interuniversitario no que participan tamén estudantes de ensino primario, educación secundaria e bacharelato, entidades empresariais, organizacións non gobernamentais, administracións públicas e aberto a sociedade, coordinado pola USC, no que mediante un proceso de Aprendizaxe-Servizo se procura que os estudantes de diferentes niveis educativos adquiran coñecementos, capacidades e destrezas para entender o problema e tratalo dende unha perspectiva educativa e non simplemente científica ou técnica.

Os sucesivos Informes de Avaliación e seguimento, realizados neste título, incluíron Plans Anuais de Mellora (PAM), que engloban as distintas Accións de Mellora (AM) previstas para cada curso académico. Cada AM ten asignado responsables de execución, de seguimento, calendario de execución, etc. A Comisión de título debate e aproba o autoinforme anual e propón as AM correspondentes. Os autoinformes son analizados e aprobados pola Comisión de Calidade do Centro, e tamén son informados pola Xunta de Facultade, proba fiable da participación dos distintos grupos de interese. Na seguinte táboa ofrécese unha síntese da execución do Plan de Melloras do curso 2023-2024

Táboa 14. PMA Máster DAEN 2023-2024: accións finalizadas

|              |                                |                                                                                                                                                                                                         |                                    |            |                  |
|--------------|--------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------|------------|------------------|
| <b>AM-23</b> | Informe de seguimento do MDAEN | Deseñar e implementar un procedemento para a revisión de programas que permita asegurar que estes se axustan á normativa de programación e ao especificado nas fichas das materias na Memoria do título | Coordinadora do título de Mestrado | Xullo 2024 | <b>Executada</b> |
| <b>AM-24</b> | Informe de seguimento do MDAEN | Deseñar e implementar unha rúbrica para revisión de propostas de TFM por parte da Comisión do Título                                                                                                    | Coordinadora do título de Mestrado | Xullo 2024 | <b>Executada</b> |
| <b>AM-25</b> | Informe de seguimento do MDAEN | Deseñar e poñer en marcha unha enquisa para a avaliación do Prácticum por parte de alumnado e titores/as de prácticum dos centros.                                                                      | Coordinadora do título de Mestrado | Xullo 2024 | <b>Executada</b> |

|       |                                |                                                                                                                                                                |                                    |            |           |
|-------|--------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------|------------|-----------|
| AM-26 | Informe de seguimento do MDAEN | Solicitar unha modificación non substancial da Memoria do Título, adscribindoo ao ámbito de coñecemento "Ciencias da Educación", en cumprimento do RD 822/2021 | Coordinadora do título de Mestrado | Xullo 2024 | Executada |
|-------|--------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------|------------|-----------|

No Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación do 20 de novembro de 2020 fanse unhas recomendacións de mellora que na reunión da Comisión de Título do 14 de decembro de 2020 foron examinadas. Da execución destas accións de mellora deuse conta no informe do curso pasado e algunhas quedan aínda pendentes: sobre o reforzo do servizo de conserxería tomáronse as medidas pertinentes dentro das capacidades de actuación do centro, e reabírase esa acción na Memoria de Calidade como acción de centro para continuar insistindo nesta cuestión. Continuaranse asemade desenvolvendo iniciativas de orientación académica e profesional do alumnado, incluíndoas no Plan FORTE-FFP. Co fin de manter aberto un foro continuo de comunicación cos empregadores e recibir información externa para a mellora do Máster, abrírase unha acción de mellora no curso 24-25 consistente nunha enquisa para a avaliación das prácticas e un grupo de discusión co alumnado egresado e os empregadores.

### CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO

**As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título e o seguimento das melloras do título confirman que foron eficaces**

**Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación**

### 3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### ANÁLISE E REVISIÓN DO SGC E PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE

A implantación do SGC, no ano 2011, posibilitou o desenvolvemento do traballo nos centros nun contexto de ciclo de mellora continua. Desde esta perspectiva, o SGC revísase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo.

Neste senso, cómpre deixar constancia de que, en setembro do ano 2018, aprobouse a modificación do SGC marco da USC, coa finalidade de acadar unha simplificación que redunde nunha maior operatividade do mesmo. O novo SGC contempla un manual do sistema para os centros, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de maneira semellante aos actuais manuais. Pola súa banda, o novo mapa de Procesos inclúe 2 procesos estratéxicos (Planificación estratéxica e Revisión e mellora), 5 procesos clave (Análise do perfil de ingreso e captación, Planificación das ensinanzas, Apoio a estudantes, Desenvolvemento

das ensinanzas, e Análise de resultados e mellora dos programas) e 6 procesos de soporte (Xestión de recursos humanos, Xestión de recursos materiais, Xestión documental, Satisfacción, expectativas e necesidades, Xestión de incidencias, e Información pública). O Manual do Sistema de Garantía de Calidade está dispoñible na páxinas web da facultades, visibles para calquera persoa interesada.

No caso da FFP-Lugo, na web da facultade, dentro da pestana de Calidade, están dispoñibles así mesmo a Política de Calidade, a versión actualizada do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, o Manual de Procesos e o Plan Estratéxico 2016-2022 (xa mencionado no apartado 3.2.).

O historial de revisións do Manual do SGC sintetízase como segue: a versión inicial do Manual do SGC corresponde ao 21 de decembro de 2009. A primeira revisión data do 31 de maio de 2013, co obxectivo de proceder á simplificación documental, creando o Manual Simplificado do SGIC e revisando algúns procesos e procedementos. O 3 de outubro de 2014 procedeuse á modificación de indicadores e informes dentro do SCG, e o 22 de febreiro de 2018 abordouse unha nova revisión documental, suprimindo procesos e procedementos obsoletos. O Manual do SGC da Facultade actualizouse novamente con data 21 de setembro de 2018 procedendo á revisión e simplificación do documento. A quinta edición do Manual do SGC da Facultade foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o día 6 de outubro de 2021, e nela modificanse os datos de identificación do centro, o punto 1.4 referido á documentación propia do centro, e o punto 3.2 referido á composición da comisión de calidade. Na sexta edición do Manual consta unha modificación do apartado 3.4 no relativo á composición da Comisión do título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Nas actas da Comisión de Calidade dos centros, das Comisións dos títulos e na Memoria de Calidade dos centros dáse conta da implicación dos diferentes grupos de interese no proceso de proposta e implementación das accións de mellora, así como no seu seguimento. Así mesmo, nas Memorias de Calidade dos centros evidénciase o seguimento e grao de cumprimento das accións de mellora propostas para cada curso académico tendo como referente o Plan estratéxico e os distintos informes de seguimento. Ademais, os datos proporcionados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (que inclúen información sobre a satisfacción dos diferentes grupos de interese) son revisados e analizados polas Comisións de Título e de Calidade de cada centro.

### CULTURA DE CALIDADE (EVIDENCIAS DO SGC)

En liñas xerais, pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados. De feito, a traxectoria das Comisións de Calidade dos centros favorece a consolidación dunha cultura de calidade tanto no PDI e no PAS coma no alumnado das facultades. Evidencia diso é o aumento na participación das enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación, que aumentou 56,52%. Nesta enquisa, o ítem correspondente ao feito de que as vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas foi valorado no curso 23-24 con 4,58 puntos sobre 5. Pola súa banda, a calidade docente da titulación obtivo no curso 23-24 unha valoración de 4,74 puntos, manténdose ámbolos dous ítems en valores positivos. Polo que respecta á participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida, cómpre salientar que no curso 23-24 esta tamén aumentou ata superar o 50% dos enquisados, subindo concretamente ao 59.09% e sendo considerablemente superior os datos do curso anterior (21%).

Porén, cómpre seguir traballando para aumentar a implicación e o grao de satisfacción dos diferentes grupos de interese.

### CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO

**A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora**  
**As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua**

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### NIVEL DE CUALIFICACIÓN DO PROFESORADO, ADECUACIÓN E CARGA DOCENTE

O profesorado que participa do título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.

Táboa 12. Profesorado do título (curso 2023-24)

| INF.E15. Información sobre o profesorado. Plan de Ordenación docente            |           |                                               |              |               |
|---------------------------------------------------------------------------------|-----------|-----------------------------------------------|--------------|---------------|
| TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO                                              |           |                                               |              |               |
| Título: Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza |           | Centro: Facultade de Formación do Profesorado |              | RUCT: 4312425 |
| Categoría                                                                       | Número    | Porcentaxe                                    | Número       | Horas         |
| None                                                                            | 0         | 0.0%                                          | 36.0         | 9.52%         |
| Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU                                      | 4         | 18.18%                                        | 40.0         | 10.58%        |
| Profesor/a: Catedrático/a de Universidade                                       | 1         | 4.55%                                         | 17.5         | 4.63%         |
| Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante - T3                            | 1         | 4.55%                                         | 35.0         | 9.26%         |
| Profesor/a: Emérito LOU                                                         | 2         | 9.09%                                         | 31.5         | 8.33%         |
| Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU                                        | 3         | 13.64%                                        | 49.5         | 13.1%         |
| Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor                                        | 5         | 22.73%                                        | 91.0         | 24.07%        |
| Profesor/a: Titular de Universidade                                             | 6         | 27.27%                                        | 77.5         | 20.5%         |
| <b>Total general</b>                                                            | <b>23</b> | <b>100.0%</b>                                 | <b>378.0</b> | <b>100.0%</b> |

Fonte: E15 (2023-24)

Como se pode apreciar na táboa, dos 23 membros do PDI participantes na docencia do Título, a maior porcentaxe de profesorado é o grupo constituído por Titulares de Universidade e Contratados Doutores, que imparten ao redor do 27% da docencia. En conxunto, os profesores/as en situación de contratos precarios son 5 (4 docentes asociados e 1 contratado interino, un 23% do total do PDI). Malia que a porcentaxe de PDI funcionario incrementouse con respecto ao

curso 22-23 (33,33% fronte ao 40.91%, sendo a media da USC do 45,61%), a porcentaxe de PDI doutor no curso 23-24 rolda o 71%, diminuindo lixeiramente con respecto ao curso anterior (79,17%), pero se mantén en niveis aceptables e non tan lonxe da media da área (81,84%) nin da media da USC (90,78%). A porcentaxe de PDI con sexenios sitúase no 83,33%, incrementándose con respecto ao curso previo que roldaba o 80% (78,57%), e moi próxima da media da área (85,25%) e da USC (91.06 %).

En liñas xerais, pódese considerar que o PDI do centro é axeitado para atender ás necesidades do título, aínda que sería desexable poder contar cun maior número de profesorado estable a tempo completo. A este respecto, é importante ter en conta que a contratación de profesorado e as súas condicións (categoría da contratación, posibles promocións, traslados de Campus etc.) non dependen directamente dos centros. Polo que concirne ás necesidades de persoal, e no ámbito das súas competencias, a Facultade (a través dos equipo Decanal) mantense en contacto cos Departamentos e Vicerreitorías correspondentes para notificar necesidades específicas de persoal docente, con arreglo ao proceso específico relativo á xestión de recursos humanos do SGC

### PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Con respecto á formación continua do profesorado, este participa nos cursos organizados dentro do Programa de Formación e Innovación Docente da USC. A participación do PDI do Máster no curso 23-24 rolda o 25%, unha cifra similar á do curso anterior. Algunhas razóns que poden explicar esta porcentaxe, non moi elevada, son a oferta de cursos e o interese que estes poden despertar no profesorado, os momentos do curso nos que se ofertan (os cales poden limitar a demanda de prazas), así como a existencia de límites de prazas, de xeito que hai cursos que poderían ter máis persoas matriculadas se houbo un límite de prazas superior ou se impartisen nos dous campus ou en máis dunha edición por curso académico.

Os indicadores dispoñibles amosan un grao de satisfacción xeral alto coas actividades formativas realizadas polo PDI, que se mantén desde o curso 2018-19 (no que se puntuaron con 4,29 sobre 5) en valores superiores a 4 puntos sobre 5 (o valor máis alto acadouse no curso 2021-22, con 4,65 puntos), e cunha taxa de resposta, na contorna do 40%. No curso 2023-24 a media foi de 4,59 puntos sobre 5, e a taxa de resposta foi do 44,09%, incrementándose a participación do curso anterior que foi de 39,81%.

### PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Polo que concirne á participación do profesorado en programas de mobilidade, esta continúa a ser en xeral escasa aínda que superior a anos previos no que o valor estaba próximo a 4% (cursos 2018-2019 e 2019-2020), situándose a mobilidade do PDI que imparte docencia no título no curso 23-24 no 17,39%. Esta situación pode deberse a que o profesorado das facultades non pode participar en programas de mobilidade sen perxudicar directamente aos seus compañeiros/as de área, xa que estes teñen que encargarse da súa docencia.

### CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO

**O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e resulta suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.**

**A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente**

**O profesorado participa en programas de mobilidade**

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**ADECUACIÓN DO PERSOAL DE APOIO EN NÚMERO E CUALIFICACIÓN**

O persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca) é, en liñas xerais, suficiente e conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións en relación co título.

Polo que se refire á FFP-Lugo, conta cun total de 11 membros no curso 2023-24, mantendo o número de persoas dos cursos anteriores desde o curso 2016-17 (agás no curso 2018-19 onde se rexistran novamente 12 membros en total por mor doutra baixa cuberta). Con respecto ao PTXAS, no curso 23-24 executouse unha acción de mellora a nivel de centro (recollida na memoria de calidade do centro do curso 23-24) para aumentar un posto de PTXAS en conserxería na quenda de tarde. Esta acción de mellora veuse realizando nos últimos cursos: máis concretamente, a primeira tramitación da solicitude dun segundo conserxe para a quenda de tarde na FFP-Lugo fíxose con data 9 de decembro de 2020. O documento dirixiuse á atención do Xerente e a Vicexerenta de Persoal. Ao non terse recibido resposta, esta acción de mellora reabriuse no Plan de Melloras de Centro da Memoria de Calidade do curso 2021-2022, ao considerarse que afecta a todos os títulos impartidos no centro, tanto de Grao como de Mestrado, e a solicitude trasladouse ás instancias correspondentes, pero ata o de agora non foi atendida. Tendo en conta a importancia de que o persoal da facultade cumpra cuns mínimos de suficiencia e adecuación, volverase a cursar a solicitude no vindeiro curso 24-25.

A este respecto, debe terse en conta que o centro conta cun elevado número de estudantes e un horario continuado de clases de 8:30 a 21:30h, e que outras facultades que seguen en número de estudantes á FFP contan con 3 persoas en quenda de mañá e 2 en quenda de tarde. Aparte de desempeñar outras tarefas, a persoal en quenda de tarde atende demandas de información de tipo administrativo, ao non estar o persoal de administración. Por outra banda, o persoal de conserxería realiza funcións de apoio ao profesorado para a posta en funcionamento dos equipos informáticos, cámaras, micrófonos etc., que debido ás restricións na docencia presencial a partir do curso 2019-20 viron aumentado o seu emprego..

Con respecto ao grao de satisfacción do PTXAS con respecto ás tarefas que desenvolve, na FFP-Lugo en xeral as cifras son positivas. No curso 2023-24 a valoración media é de 4.67 sobre 5. As porcentaxes de participación na enquisa de satisfacción experimentan considerables flutuacións dun curso para outro, acadando o mellor dato no curso 2023-24 cun 81,82%.

Táboa 15. Evolución da satisfacción do PTXAS coas tarefas desenvolvidas e taxas de resposta á enquisa

|                            | 2018-19                             | 2019-20                                | 2020-21                                | 2021-22                             | 2022-23                                   | 23-24                                     |
|----------------------------|-------------------------------------|----------------------------------------|----------------------------------------|-------------------------------------|-------------------------------------------|-------------------------------------------|
| Taxa de resposta á enquisa | 16,66%                              | 45,45%                                 | 27,27%                                 | 27,27%                              | 63,64%                                    | 54,54%                                    |
| Grao de satisfacción (1-5) | Valor. media: 4<br>Valor. global: 4 | Valor. media: 4,60<br>Valor. global: 4 | Valor. media: 4<br>Valor. global: 3,84 | Valor. media: 5<br>Valor. global: 5 | Valor. media: 4,14<br>Valor. global: 4,14 | Valor. media: 4,67<br>Valor. global: 4,67 |

|  |      |  |  |      |      |      |
|--|------|--|--|------|------|------|
|  | 3,78 |  |  | 4,07 | 4,14 | 4,04 |
|--|------|--|--|------|------|------|

Fonte: 5017\_INF.21 2018-19 a 2023-24

## PLANS DE FORMACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PERSOAL DE APOIO

En canto á participación do PTXAS en cursos de formación, os datos dos últimos cursos son en xeral satisfactorios. No curso 2020-21 a porcentaxe acadou o 75% na FFP-Lugo, sendo a media de participación entre o curso 2015-16 e o 2020-21 do 58,44%. No curso 2021-22 a porcentaxe de participación descendeu, atopándose ao redor do 50%. No curso 2022-23 esta porcentaxe acadou o 72,73%. No curso 2023-24 a taxa de participación situouse no 54,54%, descendendo con respecto ao curso anterior, pero seguindo a tendencia media.

Finalmente, con respecto á satisfacción do PTXAS coas actividades formativas desenvolvidas, esta acadou 7,84 puntos sobre 10 no curso 2018-19, 7,64 no curso 2019-20, 7,64 no curso 2020-21; 8,27 no curso 2022-23 e 7,98 no curso 2023-24, sendo polo tanto datos satisfactorios (Fonte: 5016\_INF.11\_2015-16 a 2020-21 e 5017\_INF.11\_2015-16 a 2023-24).

## CONCLUSION FINAL DO CRITERIO

O persoal de apoio é, en xeral, suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes, e conta co nivel de cualificación exixido, sendo acorde coas previsións da memoria verificada. A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos

nestes temas.

- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### ADECUACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E RECURSOS MATERIAIS PARA A ACTIVIDADE DOCENTE

O proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos* dos Manuais de Procesos dos centros recolle a sistemática para a xestión e mantemento destes recursos, que requiren dunha renovación e substitución periódica, á que se suma a detección de novas necesidades. Para atendela planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles. Desde a páxina web da Facultade pódese acceder ás infraestruturas e servizos de que dispón, con indicación da ocupación de espazos, capacidade e equipamento.

Continuando co plan de mellora das infraestruturas e equipamentos dispoñibles levado a cabo en cursos anteriores (que responde, no caso da FFP-Lugo, a un dos Obxectivos Estratéxicos recollidos no Plan Estratéxico 2023-2028), durante o curso 2023-2024 realizáronse diversas obras e adquiríronse os seguintes materiais para a FFP-Lugo:

Táboa 16. Material adquirido e obras realizadas na FFP durante o curso 2023-2024

| CENTRO                                | ZONA DE ACTUACIÓN | EQUIPAMENTO E OBRAS<br>CURSO 23-24                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|---------------------------------------|-------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo    | <b>10/10/2023</b><br><b>OBRA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aseo persoas con mobilidade reducida, retirada aparatos sanitarios existentes, demolición tabiques e alicatados.</li> <li>• Aseos facultade, demolición enfusado, retirada escombros, albanelaría, instalación fontanaría.....</li> <li>• Cabinas sanitarias, tornillería y herraje....baños facultade</li> </ul> |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo    | <b>10/11/2023</b><br><b>OBRA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pintar local sótano, reparar paredes con morteiro, pintar paredes, pasta niveladora chan, pintar chan con EPOXI</li> <li>• Lixado, vernizado e pintado portas dobres entrada, pasamáns, balda madeira, balda melanina e banco</li> </ul>                                                                          |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo    | <b>14/11/2023</b><br><b>OBRA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Instalación radiadores zona antiga cafetería, 60 elementos, repartidores, purgadores, etc.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                             |

## Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

|                                       |                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|---------------------------------------|----------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>22/11/2023</b><br><b>OBRA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Instalación válvulas e cabezais termostáticos en radiadores</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>24/11/2023</b><br><b>OBRA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Instalación válvulas termostáticas e cabezais en radiadores (ampliación ), reparación fuga en radiador.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                         |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>30/11/2023</b><br><b>OBRA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación nova canalización de aseos de comedores por coexionado con arqueta existente de trasteiro, demolición e reposición terrazo.</li> <li>• Unidade de revisión da instalación eléctrica baixa tensión , protección cadros, cableado, instalación toma de terra.</li> <li>• 78m lixado e vernizado de pasamáns , lixado e vernizado banco.</li> </ul> |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>22/01/2024</b><br><b>OBRA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reparación barandilla inoxidable, repasar pasamáns e baranda, taladrar 24 barandas ao chan</li> <li>• Suministro e colocación lavabo persoas con mobilidade reducida, suministro e colocación inodoro tanque baixo</li> </ul>                                                                                                                              |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>05/02/2024</b><br><b>OBRA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reforma cadro eléctrico, unidade substitución diferencial e magnetotérmico</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>09/04/2024</b><br><b>OBRA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ventá con espuma de poliuretano, acústica</li> <li>• Porta automática corredeira , 2 follas móbiles</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                             |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>05/09/2023</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Marquesiña transparente gris</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>18/09/2023</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pc hp, 2 brothers alta capacidade</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |

## Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

|                                       |                |                                                                                                                                                                                                       |
|---------------------------------------|----------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>10/10/2023</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Portátil lenovo v15 g2</li></ul>                                                                                     |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>13/10/2023</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• 6 poste guía de seguridade con cinta extensible 2m</li></ul>                                                         |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>24/10/2023</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Piano dixital 88 teclas</li></ul>                                                                                    |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>9/11/2023</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Maletín de ferramentas variadas</li></ul>                                                                             |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>13/11/2023</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Monitor ASUS</li></ul>                                                                                               |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>16/11/2023</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Fabricación a medida de moble para aloxar neveira e cafeteira</li><li>• 4 puf oficina lumaland 250l volume</li></ul> |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>17/11/2023</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Cadeira odrea negra</li></ul>                                                                                        |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>21/11/2023</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Xogo set actividades e rato</li></ul>                                                                                |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>30/01/2024</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Termo eléctrico e material para instalación</li></ul>                                                                |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>20/02/2024</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Monitor ASUS</li></ul>                                                                                               |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>01/03/2024</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Impresora brother láser monocromo</li></ul>                                                                          |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus de Lugo | <b>01/04/2024</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Mini PC logitech</li></ul>                                                                                           |

|                                             |                   |                                                                                                                                                      |
|---------------------------------------------|-------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Facultade de<br>Formación do<br>Profesorado | Campus<br>de Lugo | <b>28/05/2024</b><br><b>EQUIPAMENTO:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Xardineira arriate vida xl con forro madeira abeto marrón</li></ul> |
|---------------------------------------------|-------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

Fonte: Unidade de Servizos Económicos da FFP-Lugo

As infraestruturas internas son apropiadas e suficientes para impartición da docencia do Máster no centro. Unha parte da docencia "intramuros" na Facultade desenvolveuse nas aulas de música e plástica, así como o laboratorio de ciencias experimentais. O centro ten abundantes puntos de reunión e traballo para estudantes, aula de informática, acceso a redes telemáticas e biblioteca dotada con bibliografía específica aos intereses do título como non existe noutro punto de Galicia, como os mesmos estudantes recoñece.

Como equipamento específico para o Máster cóntase con material de montaña que permite poñer exemplos sobre o equipamento persoal e prácticas ao aire libre (material de escalada e tendas de campaña fundamentalmente), así como ferramentas para a plantación de árbores e uso do horto de balcón que existe na Facultade. O resto das instalacións que se usan están adaptadas á accesibilidade universal, ben sinalizadas, e no caso da Facultade de Formación do Profesorado, cun plan de evacuación que foi xa ensaiado en varias ocasións. Ademais os estudantes deste Máster reciben formación específica básica en primeiros auxilios e rescate en montaña.

Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro valoráronse no curso 23-24 con 4,5 puntos sobre 5. Do mesmo xeito, o estado das aulas e o seu equipamento foi valorado na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación con 4,08 puntos sobre 5, ámbolos dous datos positivos. Asemade, na enquisa de satisfacción do PDI coa docencia impartida, a valoración da adecuación do material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo, etc.) para o desenvolvemento das materias acadaron valores positivos, subindo ata os 4,62 puntos sobre 5.

### SERVIZOS DE APOIO Á DOCENCIA E DE ATENCIÓN AO ESTUDANTADO

No relativo aos servizos, cómpre destacar o **campus virtual**, un servizo de apoio á docencia moi relevante para o desenvolvemento dos programas formativos das Facultades. O campus virtual é unha ferramenta proporcionada polo Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe da USC, utilizado na inmensa maioría das materias. En xeral, este servizo é valorado positivamente por alumnado e profesorado. Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, o campus virtual valórase con 5 puntos sobre 5. Polo que respecta á utilidade do campus virtual para o labor docente, na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación a valoración é moi positiva, outorgándose un 4,31 sobre 5.

En canto aos **Servizos de Xestión Académica**, a USC conta cun servizo centralizado para todos os procedementos administrativos derivados do estudo na USC. Este é o servizo encargado da tramitación, e tamén da orientación, nas cuestións de matrícula, solicitudes de validacións, consulta e certificación de expedientes, expedición de títulos etc. No ámbito específico das Facultades, as **Unidades de Xestión dos Centros** atenden a determinados aspectos da xestión académica (tramitación de acordos de intercambio, informes de recoñecemento e validación parcial de estudos, creación de actas individualizadas de TFG/TFM e outras), e supón un punto de atención e contacto eficiente e máis próximo aos estudantes. Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, a atención prestada polo persoal de administración e servizos valorouse no curso 23-24 con 4,5 puntos sobre 5.

Dende a Facultade fixéronse todos os esforzos posibles para que os recursos e os servizos vaian acadando paulatinamente

mellores niveis de suficiencia e adecuación, a través da modernización de recursos materiais e a reforma de infraestruturas e espazos o que se reflicte no incremento das puntuacións sinaladas anteriormente con respecto a anos previos.

Con respecto aos **Servizos de Orientación Académica e Profesional**, a USC conta con servizos xerais encargados destas cuestión, tales como o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), que identifica e alerta das demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo (no curso 23-24 non se rexistrou ningunha solicitude de apoio de alumnado do MDAEN); a Área de orientación laboral e emprego, que realiza actividades e provee información dirixida aos estudantes no tramo final de estudos, para a súa incorporación ao mercado laboral, e o Servizo de axudas e servizos ao alumnado, responsable da tramitación de bolsas de estudos, do servizo universitario de residencias e doutros servizos de apoio. Pola súa banda, a Oficina de Información Universitaria (OIU) orienta aos estudantes sobre as prestacións de todos estes servizos e diríxeos a uns ou outros en función das necesidades.

### ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

Na FFP-Lugo, tendo en conta a diversidade de actividades e iniciativas que se desenvolven na Facultade para contribuír á formación e á orientación académico-profesional do alumnado, considerouse pertinente integrar a partir do curso 2019-2020 todas as accións de mellora relacionadas con este aspecto nun único Plan Integral de Formación, Orientación e Tutorización do Estudantado da FFP (Plan FORTE-FFP), que incorpora todas as iniciativas desenvolvidas en todos os cursos dos Graos de Educación Primaria e Educación Infantil a este respecto. Dese xeito, na Memoria de Calidade do Centro estableceuse unha acción de mellora no plan de melloras para o curso 2020-2021 na que se creou o devandito Plan.

Todas as actividades realizadas no curso 2023-24 dentro do Plan FORTE-FFP recóllense no Informe de execución do devandito plan, elaborado polas persoas que coordinan os títulos cos datos achegados polos membros das súas respectivas Comisións de Título, e analizado e avaliado positivamente pola Comisión de Calidade do Centro na reunión do 9 de xullo de 2024, como consta na Acta correspondente. Neste informe proporciónanse datos sobre o desenvolvemento desas actividades que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudantado, datos de participación do mesmo, resposta /acolli da actividade por parte do estudantado, datos de enquisas de satisfacción (de habelas), incidencias detectadas etc. O informe contén así mesmo recomendacións sobre a posible continuidade das actividades para a súa análise e valoración pola Comisión de Calidade do Centro.

A Comisión de Calidade do Centro, na súa xuntanza do día 25 de maio de 2023, analizou a posibilidade de desenvolver a Fase II do Plan FORTE integrando nel as actividades de formación e orientación desenvolvidas nos Mestrados da Facultade (MDAEN e MPES), e acordou executala a partir do curso 2023-2024. Dese xeito, a partir dese curso o informe de execución do Plan comprende actividades de Graos e Mestrados. A posta en marcha da Fase II do Plan FORTE foi así mesmo aprobada en Xunta de Facultade o 6 de xuño de 2023. No curso 23-24, as principais actividades desenvolvidas no MDAEN incorporadas ao Plan FORTE foron as seguintes: xornada de benvida, conferencias e seminarios formativos para o alumnado, saídas formativas (prácticas de campo), e conferencias a cargo de profesionais externos.

Cómpre salientar que no curso 2022-2023 a Facultade de Formación do Profesorado participou na IV edición da “Convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC”, correspondente ao 2022, presentando o Plan FORTE-FFP. A iniciativa resultou seleccionada como exemplo de boas prácticas, o cal evidencia a solvencia do proxecto para satisfacer as necesidades formativas e de orientación laboral e profesional do alumnado.

No caso do Mestrado DAEN leváronse a cabo varias accións formativas dirixidas ao alumnado no curso 23-24. Por unha banda, realizáronse actividades a cargo de profesionais externos, das que se propón a súa continuidade no curso 2024-25 como parte do Plan FORTE-FFP. Tamén se realizaron actividades encamiñadas a que os estudantes mellorasen o seu coñecemento sobre empresas agrícolas e espazos singulares de conservación do patrimonio. Estas accións foron as seguintes:

Táboa 17. Accións formativas no Máster DAEN durante o curso 2023-2024

| DATA       | CONFERENCIANTE                              | TÍTULO                                   |
|------------|---------------------------------------------|------------------------------------------|
| 11-10-2023 | Juan Manuel Tejeda Alonso                   | Introdución ao Coaching Ontolóxico       |
| 16-10-2023 | Asociación Galega de Custodia de Territorio | As asociacións de custodia de territorio |
| 20-10-2023 | Asociación Illa dos Ratos                   | Natureza e ruínas industriais            |
| 03-11-2023 | Bibiana Marful Castañal                     | A natureza educadora                     |
| 07-11-2023 | Zaida Villanueva García                     | O fenómeno da colonización na Terra Chá  |
| 22-11-2023 | Mariana Roura Sánchez                       | Pintar a natureza                        |

### PROGRAMA DE ACOLLIDA

A acollida dos estudantes faise mediante unha sesión de presentación o primeiro día, nun acto oficial no que se presenta o centro e as súas instalacións, así como os obxectivos do máster e a tipoloxía de actividades que se van desenvolver. Nunha segunda parte un dos profesores do Máster imparte unha conferencia e logo todos os estudantes se reúnen co coordinador e unha parte do profesorado que quere asistir para facer as presentacións e darlles informacións sobre as características e desenvolvemento do título. Esta sesión, no curso 2023-24 tivo lugar o 18 de setembro de 2023. A sesión de acollida intégrase no Plan FORTE-FFP como iniciativa de orientación académica do estudantado.

### CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO

**As infraestruturas, os recursos e os servizos destinados ao alumnado son adecuados e están actualizados/renovados. Os servizos de apoio e atención ao alumnado son apropiados. As iniciativas para a orientación académica e profesional do alumnado son axeitadas.**

**O programa de acollida cumpre coa súa función de orientación no funcionamento da titulación**

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### **ANÁLISE DE RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Os resultados do desenvolvemento e avaliación das diferentes materias da titulación, o Prácticum e o TFM proporcionan indicadores que evidencian a consecución dun progreso axeitado. Neste senso, compre sinalar que nas diferentes materias que compoñen o título, os índices de suspensos identificados dende o curso 2018/2019 ata o 2023/24 son, en liñas xerais, escasos.

Os resultados da aprendizaxe continúan a cumprir con folgura as condicións establecidas na Memoria do título, e todos os indicadores melloran a media da USC, tal e como se pode observar na táboa que segue:

Táboa 18 . Evolución dos indicadores de resultados de aprendizaxe

| Indicador              | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 | Media USC 2023-24 |
|------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|-------------------|
| Taxa de rendemento     | 88,64%  | 96,51%  | 98,46%  | 90,41%  | 93,36%  | 90,89%  | 89,31%            |
| Taxa de éxito          | 99,29%  | 99,60%  | 100%    | 99,52%  | 100%    | 99,17%  | 98,68%            |
| Taxa de avaliación     | 89,27%  | 96,90%  | 98,46%  | 90,85%  | 93,36%  | 91,65%  | 90,51%            |
| Taxa de graduación     | 83,33%  | 73,33%  | 92%     | 90,85%  | 87,5%   | 87,5%   | 81,83%            |
| Duración media estudos | 1,11    | 1,38    | 1,17    | 1,17    | 1,4     | 1,27    | 1,50              |
| Taxa de abandono       | 8,33%   | 13,33%  | 0%      | 0%      | 8,33%   | 8,33%   | 8,50%             |

Fonte: Panel de Indicadores

A metodoloxía docente está exposta nas guías de cada materia e axústase aos propósitos e metas que persigue a titulación, non atopándose ningunha desviación substancial en relación coa memoria, aínda que a práctica docente e os propios principios pedagóxicos nos que se basea o Máster está a producir moitas novidades metodolóxicas e conceptuais. O Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza é un dos máis transversais que ten o sistema universitario galego, con intervención de 17 áreas de coñecemento. A propia mecánica da docencia estimula unha pedagogía activa visible na alta cantidade de ensinanza/aprendizaxe que se fai ao aire libre e os exercicios de avaliación que se asignan a esta parte da formación. Emprégase unha metodoloxía que prima a

aprendizaxe na acción con experiencias en contornas naturais. Os documentos docentes reflicten un grao moi alto de aprendizaxe experiencial nas actividades ao aire libre.

En relación co TFM, o alumnado considerou moi positivo, na avaliación feita do mestrado no curso 2021-2022, a variedade das temáticas posibles, malia que sinalou o escaso tempo que teñen para decidirse pola elección dun tema. Cómpre salientar que o grao de satisfacción do profesorado que titoriza TFMs acadou no curso 2023-24 un 4,59 sobre 5.

No curso 2023-24 presentáronse un total de 15 TFMs. A cualificación máis frecuente foi a de Notable, cun 53,33% (8 traballos), seguida de Sobresaliente, cun 20% (3 traballos) e Aprobado, tamén cun 20% (3 traballos), e finalmente Matrícula de Honra, cun 6,67% (1 traballo). Os temas desenvolvidos polos estudantes acadan unha grande variedade nos temas, que garanten tanto a versatilidade do título, como que as competencias se acadan dun xeito moi personalizado, consonte aos intereses que procura cada estudante: por exemplo, propostas de creación de rutas educativas, sendas literarias, propostas educativas vivenciais na natureza, proposta de obradoiros e campamentos con diversidade auditiva, bases teóricas para o emprendemento dunha escola na natureza, conciencia ambiental, etc. As variadas temáticas amosan como as competencias do Máster son flexibles cara aos intereses dos estudantes.

Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, o ítem referido a que o alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada recibiu unha valoración de 4.31 puntos sobre 5. Por outra banda, a materia do Prácticum é unha oportunidade para comprobar a adquisición e aplicación das competencias profesionais previstas, e nese sentido, cómpre destacar a avaliación positiva de alumnado, titores académicos e titores profesionais que xa foi mencionada anteriormente.

En resumo, os indicadores de cualificacións das materias, as taxas de éxito dos/as estudantes, e os datos dispoñibles sobre a valoración das prácticas externas por parte de alumnado, profesorado e profesionais externos amosan que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución das previsións iniciais da Memoria do título e amosan un horizonte de traballo positivo.

### CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO

**O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos e os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos**

### **DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

#### **CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:**

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### **INDICADORES DE DEMANDA E INDICADORES DE RESULTADOS**

Os indicadores da demanda do título evolucionan en xeral de xeito favorable, e amosan que a taxa de ocupación foi case plena no curso 23-24 (24 estudantes finalmente matriculados sobre un total de 25 prazas ofertadas). Pódese observar que a matrícula global no curso 22-23 é de 37 estudantes, motivada pola existencia de alumnado pendente de defender o seu TFM. O alumnado accede ao título con cualificacións que van en aumento (8,13 no curso 22-23), e neste curso non se rexistraron estudantes estranxeiros, malia que pode tratarse dunha situación puntual.

Táboa 19. Evolución dos indicadores de demanda do título

| Codigo IND | Indicador                                                                                 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| IN01M      | Prazas ofertadas                                                                          | 25.0    | 25.0    | 25.0    | 25.0    | 25.0    | 25.0    |
| IN02M      | Matrícula                                                                                 | 22.0    | 34.0    | 33.0    | 26.0    | -       | -       |
| IN02M      | Matrícula global                                                                          | -       | -       | -       | -       | 37.0    | 24.0    |
| IN04M      | Matrícula de novo ingreso por preinscrición                                               | 15.0    | 25.0    | 25.0    | 24.0    | 24.0    | 19.0    |
| IN06M      | Nota media de acceso por preinscrición                                                    | 7.79    | 7.61    | 7.79    | 8.1     | 8.13    | 8.24    |
| IN07M      | Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis | 100.0   | 100.0   | 100.0   | 100.0   | 100.0   | 100     |
| IN08M      | Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados                                  | 4.55    | 8.82    | 3.03    | 23.08   | 0.0     | 20.83   |
| IN09M      | Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados                  | 4.55    | 23.53   | 12.12   | 11.54   | 5.41    | 16.67   |
| IN12M      | Taxa de ocupación                                                                         | 60.0    | 100.0   | 100.0   | 96.0    | 96.0    | 76.0    |
| IN13M      | Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC                                       | 86.36   | 61.76   | 72.73   | 50.0    | 75.68   | 50.0    |

Fonte: Panel de Indicadores

#### **CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO**

Os indicadores de demanda e de resultados evolucionan favorablemente e téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos

### 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### INDICADORES DE SATISFACCIÓN

A valoración do Máster tanto por parte dos estudantes como do profesorado sigue sendo, en xeral, alta desde a súa implantación consonte ás enquisas de satisfacción administradas.

##### **Satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF13)**

A puntuación global sobe de 4,40 no curso 22-23 a 4,74 puntos sobre 5 no curso 23-24. Os ítems mellor valorados son a axuda recibida nas titorías que resultou de utilidade (4,92) e a resolución de dúbidas que se formulan (4,86). O ítem máis baixo foi a utilidade do material de apoio para a preparación da materia (4,62), malia que ten unha valoración moi positiva.

##### **Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF14)**

A valoración do profesorado sobe tamén, mantense en 4,58 sobre 5 no curso 23-24. Os ítems que reciben máis puntuación son o trato correcto ao estudantado (4,95), a accesibilidade do profesorado en clases e titorías (4,84) e estar satisfeita/o coa propia labor docente (4,74), e o ítem coa puntuación máis baixa foi a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis de título (3,74). Porén, a valoración segue a ser superior a 3,5 puntos sobre 5.

##### **Satisfacción do alumnado coa titulación (INF22)**

Nesta enquisa, os resultados globais son moi superiores aos do curso anterior, sendo a valoración global de 4,28 sobre 5 no curso 23-24 (2,67 no curso anterior), sendo as cifras máis elevadas dende o curso 2020-21.

Os ítems que reciben a puntuación máis baixa son os horarios, a carga de traballo e o calendario de avaliación (3,5). Cómpre tamén ter en conta que a taxa de participación nesta enquisa foi ao redor do 10%, isto é, 2 estudantes, polo que a significatividade dos datos é relativa.

Pola súa banda, os ítems mellor valorados fan referencia aos trámites de matriculación e ao campus virtual para facer xestións (5 puntos sobre 5), seguido da información sobre a titulación, a atención do persoal PTXAS, a orientación profesional e laboral, os recursos educativos, as infraestruturas e materias, o equilibrio de contidos teóricos e prácticos e, finalmente, a xestión do TFM (4,5 puntos sobre 5). De tal xeito, os resultados foron moi positivos na meirande parte dos ítems, aspecto que se reflicte na valoración global.

##### **Satisfacción do profesorado coa titulación (INF23)**

A valoración global nesta enquisa descende lixeiramente, de 4,51 no curso anterior a 4,23 puntos sobre 5 no curso 23-24. Os ítems que reciben maior puntuación son a atención prestada polo PTXAS (4,62) e a asistencia regular dos estudantes ás clases (4,46), mentres que os ítems con menor puntuación son a coordinación dos docentes (3,85) e os horarios (3,92 puntos). Novamente, non se trata de puntuacións baixas, sendo de máis de 3,5 puntos sobre 5.

Os indicadores de satisfacción de alumnado, profesorado e titores externos coas prácticas xa foron presentados e comentados en anteriores apartados, sendo en todos os casos positivos. Tamén se ten comentado nun apartado anterior a satisfacción de PDI e PTXAS coas accións formativas desenvolvidas, así como a do PTXAS co traballo

desenvolvido, sendo en todos os casos valores tamén positivos.

## CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO

Os indicadores de satisfacción son en xeral positivos e téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### INSERCIÓN LABORAL DO TÍTULO: ANÁLISE DE RESULTADOS E ADECUACIÓN

Non existen novidades con respecto ao nivel de emprego dos estudantes do máster en relación co curso anterior, polo que se entende que non houbo novas sondaxes por parte da USC, e que os datos son os que xa se proporcionaron nos cursos pasados (dende o curso 2020-2021), en xeral satisfactorios, e continuarán a terse en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Táboa 20: Últimos datos dispoñibles sobre inserción laboral (Fonte: 4312425\_INF\_EIL-ACSUG\_2023-24)

| Titulados que algunha vez traballaron desde a finalización do Máster                             |                                |                                               |                    |       |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------|-----------------------------------------------|--------------------|-------|
| Traballan                                                                                        | Non Traballan pero traballaron | Non traballaron desde que terminaron o Máster | Non buscan emprego |       |
| 70%                                                                                              | 10%                            | 10%                                           | 10%                |       |
| Tempo medio transcorrido (en meses) desde a finalización do Máster ata atopar o primeiro emprego |                                |                                               |                    | 7,8   |
| Tíñan traballo                                                                                   | En menos dun mes               | Entre 6 e 12 eses                             | Máis dun ano       |       |
| 37,5%                                                                                            | 25%                            | 25%                                           | 12,5%              |       |
| Tempo medio (en meses) traballado desde que finalizou o Máster                                   |                                |                                               |                    | 15,83 |
| Menos de 6 meses                                                                                 | De 6 meses a un año            | De 1 a 2 años                                 | De 2 a 3 anos      |       |
| 37,5%                                                                                            | 0%                             | 25%                                           | 37,5%              |       |
| Tempo medio (en meses) traballado desde que finalizou o Máster nun emprego relacionado co Máster |                                |                                               |                    | 11,25 |
| En menos de 6 meses                                                                              | De 6 meses a un año            | De 1 a 2 años                                 | De 2 a 3 anos      |       |
| 62,5%                                                                                            | -                              | -                                             | 37,5%              |       |

## CONCLUSIÓN FINAL DO CRITERIO

Os indicadores de inserción laboral do título son satisfactorios e téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

| 3. <a href="#">MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS</a> |               |
|-----------------------------------------------------|---------------|
| MODIFICACIÓN                                        | XUSTIFICACIÓN |
|                                                     |               |

| 4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES |    |                                                                                                                                                                                                                                               |                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|----------------------------------------|----|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Criterios                              | Nº | Evidencia / Indicador                                                                                                                                                                                                                         | Documento/enlace                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| Todos                                  | E1 | Memoria Vixente do título                                                                                                                                                                                                                     | ACSUG                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| Todos                                  | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora                                                                                                                                                              | ACSUG                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| 1                                      | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso                                                                                                                                                                                                      | Autoinforme, Criterio 1                                                                                                                                                                                                                                                               |
| 1,6                                    | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)                                                                                                  | <a href="https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-sociales-juridicas/master-universitario-direccion-actividades-educativas-natureza">https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-sociales-juridicas/master-universitario-direccion-actividades-educativas-natureza</a> |
| 1,3                                    | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)                | Documento PDF                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| 1                                      | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos                                                                                                                                                                               | Documento PDF                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| 1,6                                    | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6                                                                                                                                                                                                                                                          |
| 1,7                                    | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico                                                                                                                                                                                      | 4312425_P.Ind_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                               |
|                                        |    |                                                                                                                                                                                                                                               | 4312425_INF.16_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                              |
|                                        |    |                                                                                                                                                                                                                                               | 4312425_INF.CiUG_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                            |
| 1                                      | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia                                                                                                                                                         | 4312425_I2_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| 1                                      | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)                                                                                              | 4312425_P.Ind_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                               |
|                                        |    |                                                                                                                                                                                                                                               | 5017_INF.03_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                                 |

## Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|-------|-----|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 2     | E9  | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | <a href="https://www.usc.gal/gl/">https://www.usc.gal/gl/</a>                                                                                                                                                                                                                     |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | <a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-formacion-profesorado">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-formacion-profesorado</a>                                                                                                                                         |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | <a href="https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-direccion-actividades-educativas-natureza">https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-direccion-actividades-educativas-natureza</a> |
| 3     | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | <a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-formacion-profesorado/calidade/documentacion-sgc">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-formacion-profesorado/calidade/documentacion-sgc</a>                                                                                   |
| 3     | E11 | Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | <a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-formacion-profesorado/calidade/documentacion-sgc">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-formacion-profesorado/calidade/documentacion-sgc</a>                                                                                   |
| 3,7   | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | <a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-formacion-profesorado/calidade/documentacion-sgc">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-formacion-profesorado/calidade/documentacion-sgc</a>                                                                                   |
| 3,7   | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | Autoinforme, Criterios 3 e 7<br>Actas o informes                                                                                                                                                                                                                                  |
| Todos | I4  | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | 4312425_P.Ind_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                           |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 4312425_INF.04_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                          |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 5017_INF.05_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                             |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 4312425_INF.06_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                          |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 4312425_INF.07_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                          |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 4312425_INF.08_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                          |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 4312425_INF.09_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                          |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 5017_INF.10_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                             |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 5017_INF.11_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                             |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 4312425_INF.13_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                          |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 4312425_INF.14_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                          |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 5017_INF.21_2023-2024                                                                                                                                                                                                                                                             |

## Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

|   |     |                                                                                                                                                       |                                             |
|---|-----|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------|
|   |     |                                                                                                                                                       | 4312425_INF.22_2023-2024                    |
|   |     |                                                                                                                                                       | 4312425_INF.23_2023-2024                    |
|   |     |                                                                                                                                                       | 4312425_Informe_de_indicadores_2023-2024    |
| 3 | I5  | Resultados dos indicadores que integran o SGC                                                                                                         | 4312425_P.Ind_2023-2024                     |
|   |     |                                                                                                                                                       | 4312425_Informe_de_indicadores_2023-2024    |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 4312425_E15_2023-2024                       |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)                                                                    | 5017_E16_2023-2024                          |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )                                                         | Autoinforme, Criterio 4<br>Actas e informes |
| 4 | I6  | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas                    | 5017_I6-I7_2023-2024                        |
| 4 | I7  | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas                            | 5017_I6-I7_2023-2024                        |
| 4 | I8  | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )                                                        | 4312425_INF.13_2023-2024                    |
|   |     |                                                                                                                                                       | 4312425_INF.14_2023-2024                    |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)        | 5017_I10_2023-2024                          |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título                                                                           | INF.05_2023_2024                            |
| 5 | E19 | Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida                                                                           | Documento PDF                               |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares                                              | Documento PDF                               |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas                                                                                                        | Documento PDF                               |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a                                                                                 | Campus virtual                              |

## Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                  |
|-------|-----|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|
|       |     | distancia                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                                                                                                  |
| 6     | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)                                                                                                                                                                                         | Documento PDF                                                                                    |
| 6     | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título                                                                                                                                                                                                                                    | 4312425_INF.15_2023-2024                                                                         |
| 6     | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                         | Autoinforme, Criterio 6<br>Actas o informes                                                      |
| 7     | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)                                                                                                                                                                                               | Autoinforme, Criterio 7<br>Actas o informes                                                      |
| 6,7   | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia):<br>- Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono<br>- Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendimient<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | 4312425_P.Ind_2023-2024                                                                          |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | 4312425_INF.17_2023-2024                                                                         |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | 4312425_INF.18_2023-2024                                                                         |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | 4312425_INF.19_2023-2024                                                                         |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | 4312425_INF_SIIU_2023-2024                                                                       |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | 4312425_Informe_de_indicadores_2023-2024                                                         |
| 7     | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso                                                                                                                                                                                                                                                     | 4312425_P.Ind_2023-2024                                                                          |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | 4312425_INF.CiUG_2023-2024                                                                       |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | 4312425_Informe_de_indicadores_2023-2024                                                         |
| 7     | I14 | Resultados de inserción laboral                                                                                                                                                                                                                                                                           | 4312425_EIL-SIIU_2023-2024<br>4312425_EIL-ACSUG_2023-2024                                        |
| 1,4,5 | I15 | Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)                                                                                                                                                                                                                             | 4312425_P.Ind_2023-2024<br>4312425_Informe_de_indicadores_2023-2024<br>4312425_MedUSC_cursocelda |

\*Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).

### 5. PLAN DE MELLORAS

#### 5.1. HISTÓRICO DO PERÍODO DE ACREDITACIÓN

Neste apartado incorpórase un resumo dos plans de melloras desenvolvidos durante o período de acreditación, cunha reflexión global sobre a súa eficacia.

No curso 2019-2020 a actividade académica víuse interrompida pola situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia da Covid-19. Isto motivou a apertura de dúas accións de mellora que se estenderon a todos os títulos da Facultade, incluído o MDAEN, e que se recollen na [Memoria de Calidade do Centro](#) correspondente ao curso 2019-2020: a **AM-19** (asegurar o cumprimento das obrigas docentes en todos os títulos da facultade: activación de aulas virtuais, adaptación de guías docentes, desenvolvemento de materiais para a docencia en remoto e o ensino virtual, e mantemento de canles de comunicación co alumnado e de funcións tutoriais), e a **AM-21** (proporcionar formación ao profesorado da facultade para a docencia e a avaliación non presenciais). Ésta última acción mantívose no curso seguinte para continuar co proceso de formación do corpo docente en contornas virtuais.

Na Memoria de Calidade do Centro dese curso recóllese asimesmo, con referencia ao MDAEN a execución da acción de mellora **AM-26**, consistente en organizar e implementar actividades formativas a cargo de profesionais externos. As accións **AM-29**, **AM-30** e **AM-33** (realizar unha práctica de campo en Potes ca Universidade de Cumbria, celebrar o día dos Bosques cunha plantación, e animar aos estudantes a participar nas enquisas de avaliación, respectivamente) tiveron que ser adiadas para o curso 2020-21 por mor da situación sanitaria. As accións **AM-31** e **AM-34** (establecer unha lista de control para a avaliación das propostas de TFM e solicitar o intercambio de semestre de dúas materias, respectivamente) foron executadas, e as accións **AM-32** e **AM-35** (difundir o mestrado polas redes sociais e correo electrónico, e permitir aos estudantes o coñecemento de empresas agrícolas exemplares e espazos singulares de conservación do patrimonio rural) tamén foron executadas no curso 2019-20, e mantéñense como accións de continuidade para o curso 2020-21.

No curso 2020-2021 executáronse as seguintes accións, tamén recollidas na [Memoria de Calidade](#) do Centro dese curso: a acción **AM-16** foi executada a través de charlas con diferentes profesionais, manténdose para o seguinte curso. As accións **AM-19** (celebración do día dos Bosques cunha plantación), **AM-20** (difusión por redes sociais e correo electrónico do MDAEN), **AM-21** (animar aos estudantes a participar nas enquisas de avaliación), e **AM-22** (permitir aos estudantes o coñecemento de empresas agrícolas e espazos singulares de conservación do patrimonio rural) foron executadas con éxito e mantéñense como accións de continuidade para o curso 2021-22. En canto á acción **AM-18** (realizar unha práctica de campo en Potes coa Universidade de Cumbria), esta foi parcialmente executada, xa que por mor da situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia da Covid-19 dita actividade tivo que ser reemplazada por outra saída de campo, manténdose esta acción para o seguinte curso.

No curso 2021-2022, as accións correspondentes ao MDAEN, segundo se recolle na Memoria de Calidade do Centro dese curso, foron as seguintes: a acción **AM-08** foi desenvolvida a través de charlas con diferentes profesionais e manterase para o seguinte curso. As accións **AM-10** (práctica

de campo en Potes), **AM-11** (celebración do Día dos Bosques cunha plantación), **AM-12** (difusión por redes sociais e correo electrónico do MDAEN), e **AM-14** (permitir aos estudantes o coñecemento de empresas agrícolas e espazos singulares de conservación do patrimonio rural) foron executadas con éxito e mantéñense como accións de continuidade para o curso 2022-23 e para tratar de mellorar os resultados obtidos. A acción **AM-13** (animar aos estudantes a participar nas enquisas de avaliación) executouse pero nese curso non se obtivo a resposta agardada, polo que se reabrirá tamén para o curso seguinte.

No curso 2022-2023 executáronse todas as accións previstas, recollidas tamén na [Memoria de Calidade do Centro](#), así como no propio Informe de Seguimento do Título. Dese xeito, as accións **DAEN-01/AM-15** (organizar e implementar actividades formativas no mestrado a cargo de profesionais externos), **DAEN-02/AM-18** (experiencia de traballo colaborativo con estudantes e profesores da Universidade de Cumbria), **DAEN-03 /AM-19** (plantación de árbores autóctonas para celebrar o Día dos Bosques), **DAEN-04 /AM-20** (difusión por redes sociais do Mestrado), **DAEN-05 /AM-21** (animar ao estudantado a participar nas enquisas de avaliación do título), e **DAEN-06 /AM-22** (permitir aos estudantes o coñecemento de empresas agrícolas exemplares e espazos singulares de conservación do patrimonio natural, histórico e rural) executáronse con éxito. As accións **DAEN-01**, **DAEN-02**, e **DAEN-06** terán continuidade en vindeiros cursos integradas no Plan FORTE-FFP (plan de formación, orientación e titorización do estudantado da Facultade), condicionadas pola financiación dispoñible, e as accións **DAEN-04** e **DAEN-05** continuarán a realizar de xeito protocolizado.

Na táboa que segue preséntase unha panorámica xeral das accións previstas nos diferentes cursos no MDAEN (do 2019-2020 ao 2022-2023) coa indicación da súa porcentaxe de execución.

**Táboa 21. Histórico do Plan de Melloras do MDAEN (2019-20 a 2022-23)**

| Curso de execución | Criterios afectados                                                                   | Código/<br>Denominación | %<br>execución           | Comentarios                                                     |
|--------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|--------------------------|-----------------------------------------------------------------|
| 2019-2020          | Criterio 1. Organización e desenvolvemento; Criterio 5. Recursos materiais e servizos | AM-19                   | 100%                     | Acción derivada da situación de emerxencia sanitaria (Covid-19) |
|                    | Criterio 4. Recursos Humanos                                                          | AM-21                   | 100%                     | Acción derivada da situación de emerxencia sanitaria (Covid-19) |
|                    | Criterio 1. Organización e desenvolvemento                                            | AM-26                   | 100%                     | Actividades formativas                                          |
|                    | Criterio 1. Organización e desenvolvemento                                            | AM-29                   | Non executada (Covid-19) | Actividades formativas                                          |
|                    | Criterio 1. Organización e desenvolvemento                                            | AM-30                   | Non executada (Covid-19) | Actividades formativas                                          |
|                    | Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento                                  | AM-33                   | Non executada (Covid-19) | Participación en enquisas de satisfacción                       |
|                    | Criterio 1. Organización e desenvolvemento                                            | AM-31                   | 100%                     | Mellora da xestión do TFM                                       |
|                    | Criterio 1. Organización e                                                            | AM-34                   | 100%                     | Cambio de semestre de                                           |

## Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

|           |                                                      |         |                   |                                           |
|-----------|------------------------------------------------------|---------|-------------------|-------------------------------------------|
|           | desenvolvemento                                      |         |                   | materias                                  |
|           | Criterio 2. Información e transparencia              | AM-32   | 100%              | Difusión do mestrado en redes sociais     |
|           | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | AM-35   | 100%              | Actividades formativas                    |
| 2020-2021 | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | AM-16   | 100%              | Actividades formativas                    |
|           | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | AM-19   | 100%              | Actividades formativas                    |
|           | Criterio 2. Información e transparencia              | AM-20   | 100%              | Difusión do mestrado en redes sociais     |
|           | Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento | AM-21   | 100%              | Participación en enquisas de satisfacción |
|           | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | AM-22   | 100%              | Actividades formativas                    |
|           | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | AM-18   | 50%<br>(Covid-19) | Actividades formativas                    |
| 2021-2022 | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | AM-08   | 100%              | Actividades formativas                    |
|           | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | AM-10   | 100%              | Actividades formativas                    |
|           | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | AM-11   | 100%              | Actividades formativas                    |
|           | Criterio 2. Información e transparencia              | AM-12   | 100%              | Difusión do mestrado en redes sociais     |
|           | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | AM-14   | 100%              | Actividades formativas                    |
|           | Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento | AM-13   | 100%              | Participación en enquisas de satisfacción |
| 2022-2023 | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | DAEN-01 | 100%              | Actividades formativas                    |
|           | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | DAEN-02 | 100%              | Actividades formativas                    |
|           | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | DAEN-03 | 100%              | Actividades formativas                    |
|           | Criterio 2. Información e transparencia              | DAEN-04 | 100%              | Difusión do mestrado en redes sociais     |
|           | Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento | DAEN-05 | 100%              | Participación en enquisas de satisfacción |
|           | Criterio 1. Organización e desenvolvemento           | DAEN-06 | 100%              | Actividades formativas                    |

En síntese, durante o período de acreditación leváronse a cabo accións de mellora para organizar e implementar diferentes tipos de actividades formativas complementarias para o alumnado (conferencias con profesionais externos, prácticas de campo, etc.), difundir o mestrado en redes sociais, e aumentar a participación do alumnado nas enquisas de avaliación do título, todas elas executadas, en xeral, de xeito eficaz e con resultados positivos. As accións de publicidade do mestrado foron eficaces, xa que non presenta problemas de captación de estudantado, e no

**curso 22-23, na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia participou o 48,15% do alumnado, aumentando considerablemente con respecto ao curso anterior.**

**5.2. ACCIÓNS DE MELLORA FINALIZADAS CURSO 2023-2024**

| ACCIÓNS DE MELLORA                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Código                             | <a href="#">DAEN-01 (Curso 2023-2024)</a>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| Orixe                              | Informe de Seguimento                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| Ámbito de aplicación               | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| Análise causa                      | Cómpre asegurar que as programacións das materias se elaboran tendo en conta a normativa académica e as indicacións presentes na Memoria do título                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| Definición/<br>descrición proposta | Deseñar e implementar un procedemento para a revisión de programas que permita asegurar que estes se axustan á normativa de programación e ao especificado nas fichas das materias na Memoria do título.<br>Responsable: coordinación do título                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| Datas                              | Finalización: 31/07/2024 ; Inicio: 01/09/2023                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Estado/Eficacia                    | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 24/02/2025                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| Responsables                       | --                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| Comprobación Acción                | <a href="#">DAEN-01</a>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| Descrición Comprobación            | Esta acción de mellora puido completarse, tal e como pode verse no peche das tarefas . A elaboración do deseño dunha ficha para a avaliación dos programas realizouse correctamente, empregando Microsoft Forms. Esta acción pode vencellarse cos indicadores IN46M de Satisfacción do alumnado coa docencia recibida e IN47M correspondente coa Satisfacción do profesorado coa docencia impartida, xa que a revisión e mellora dos programas das materias do máster en base á normativa académica pode contribuír a unha maior claridade nos obxectivos de aprendizaxe, unha |

## Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

|                               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|-------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                               | mellor adecuación dos contidos ás necesidades formativas do alumnado, unha optimización dos métodos de ensino e avaliación, así como unha mellor coherencia entre as distintas materias do plan de estudos. Deste xeito, espérase que esta mellora repercuta positivamente tanto na experiencia educativa do alumnado como na percepción do profesorado sobre a calidade da súa docencia, garantindo unha puntuación estable superior á 3,5 puntos sobre 5 (Datos do curso 23-24: IN47M: 4,74; IN46M: 4,41) |
| Data Comprobación             | 18/02/2025                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Incidencias                   | Non hai                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| Axustes/Novas Tarefas         | A acción continuarase desenvolvendo en vindeiros cursos de xeito protocolizado                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| Tarefa 1                      | <a href="#">DAEN-01.01</a>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Descrición tarefa             | Deseñar e implementar un formulario de autocomprobación para a elaboración dos programas, que cubrirá o profesorado do título.<br>Responsable: coordinación do título                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| Data prevista de finalización | 31/07/2024                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Responsable                   | --                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| Estado                        | Executada                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| Comprobación Tarefa           | <a href="#">DAEN-01.01 Comprobación Nº 1</a>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| Descrición Comprobación       | Realizouse correctamente o deseño dunha ficha para a avaliación dos programas, empregando Microsoft Forms.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Data Comprobación             | 24/02/2025                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Incidencias                   | Non hai                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |

## Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

|                       |                                                                                                                                                                                                        |
|-----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Axustes/Novas Tarefas | A tarefa continuarase desenvolvendo de xeito protocolizado en vindeiros cursos, de maneira que o profesorado aplique e poida empregar esta ficha para axustar os seus programas á normativa académica. |
|-----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

| ACCIÓNS DE MELLORA                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Código                             | <a href="#">DAEN-02 (Curso 2023-2024)</a>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| Orixe                              | Informe de Seguimento                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| Ámbito de aplicación               | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Análise causa                      | Cómpre deseñar e poñer en marcha iniciativas para asegurar que as propostas de TFM cumpren cuns mínimos de calidade e adecuación                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
